



SI

## Galicia. A nosa vida en dixital

A Sociedade da Información nos fogares galegos  
Edición 2025



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2026

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

# Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos

Edición 2025

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización  
de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Consellería de facenda e administración pública

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Santiago de Compostela

2026

## ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN .....	5
1. A dixitalización dos fogares: equipamentos .....	7
1.1. Equipamentos xerais.....	9
1.1.1 Fogares con Ordenadores .....	9
1.1.2. Fogares con Smart TV .....	17
1.1.3 Fogares con consolas de xogos con capacidade de acceso a Internet .....	24
1.2. Tecnoloxías disruptivas nos fogares galegos.....	30
1.2.1. Fogares con altoparlantes intelixentes con asistente dixital conectado a Internet .....	30
1.2.2. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a internet .....	36
2. Fogares con Internet contratado .....	45
2.1 Velocidade de conexión nos fogares .....	54
3. Usos de diferentes dispositivos electrónicos .....	57
4. Tendencias dixitais: usos de Internet .....	71
4.1 Usuarios/as de Internet .....	72
4.2 Actividades realizadas na Internet .....	85
4.2 Actividades informáticas .....	92
5. Compras por internet .....	99
6. Ciberseguridade.....	110
7. eAdministración en Galicia .....	119
8. Conclusións.....	123
9. Índices de gráficas, mapas e táboas .....	125
Índice de gráficas .....	125
Índice de táboas.....	129
Índice de mapas.....	130



## INTRODUCCIÓN

O informe da sociedade da información nos fogares galegos é elaborado no marco do convenio de colaboración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información para usos particulares. AMTEGA explora e difunde datos dunha enquisa efectuada polo IGE. Así evítase a duplicidade de operacións, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Neste informe preséntanse os principais indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos, elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

### Medición da evolución das TIC nos Fogares

A información procede do módulo da Enquisa Estrutural de fogares que desenvolve anualmente o Instituto Galego de Estatística. No ano 2025 a enquisa recolleu información de 7.792 fogares nos que residise cando menos unha persoa de 16 a 74 anos. Abrangue así un total de 15.827 persoas de 16 a 74 anos de idade.

Detállase a información para Galicia sobre a dispoñibilidade de ordenador e outros dispositivos electrónicos no fogar, tipo de conexión a Internet contratada e velocidade dispoñible. Ademais, avalíase a utilización do ordenador e Internet por parte das persoas, a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet e o uso da administración electrónica.

Na edición de 2025 volven a medirse temáticas de interese sobre o uso da rede por parte dos internautas, ciberseguridade e administración electrónica, ademais de manterse, na súa maioría, os indicadores engadidos sobre a incursión dos equipamentos IOT nos fogares galegos.

A enquisa achega datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, áreas xeográficas, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa das diferentes contornas socioeconómicas que coexisten en Galicia.



## 1. A dixitalización dos fogares: equipamentos



## 1. A dixitalización dos fogares: equipamentos



**En 2025, por primeira vez, a Smart TV convértese na tecnoloxía conectable a Internet con maior presenza nos fogares galegos (65,2% o que supón un crecemento relativo do 10,3% respecto ao ano anterior)**

**O tipo de ordenador con maior presenza é o ordenador portátil, presente no 59,8% dos fogares galegos.**



**O 95,1% dos fogares galegos con nenos/as en idade escolar contan con ordenador.**

**Os fogares galegos que dispoñen de altofalantes intelixentes conectados a internet creceron nun 9,7% respecto ao ano anterior, pasando do 16,5% ao 18,1% no último ano.**



Neste primeiro capítulo analízase o grao de dixitalización da poboación galega mediante unha revisión do equipamento tecnolóxico dispoñible nos fogares. Inclúense dispositivos como ordenadores (de sobremesa e portátiles), tablets, PDA, e outros aparellos domésticos conectados a Internet, como as SmartTV ou as consolas de videoxogos con acceso á rede.

Tamén se dá conta da presenza do Internet das Cousas (IOT) no fogar, que inclúe os aparellos que precisan conexión a internet para enviar e recibir información, aínda que non ofrecen as prestacións para navegar: electrodomésticos intelixentes, dispositivos de control de seguridade e enerxía, altofalantes intelixentes e en xeral domótica que se pode xestionar, supervisar ou controlar mediante un dispositivo electrónico (ordenador, smartphone, tablet) con acceso a internet ou ofrecen algunha prestación adicional grazas a esa conexión.


Os datos correspondentes ao ano 2025 evidencian unha tendencia ascendente no proceso de dixitalización dos fogares galegos. Se ben a presenza dos ordenadores vai ofrecendo tendencias dispares segundo a clase, o resto de aparellos crecen de forma continuada no fogar.

En 2025, por primeira vez, a smart tv é a tecnoloxía conectable a internet con maior presenza nos fogares galegos.

Durante o último ano, os maiores incrementos rexistráronse en "outros dispositivos doméstico conectables" (+32%), tablets (+12,7%) e as SmartTV (+10,3%).

Tanto ordenadores portátiles como de sobremesa, evolucionan sen tendencia regular, mentres as tablets soben máis OK

### G.1. Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

### G.2. Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos: Evolución 2021-2025



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

## 1.1. Equipamentos xerais

### 1.1.1 Fogares con Ordenadores

Constrúese o indicador de “ordenadores” para medir a presenza de aparellos no fogar que permiten navegar ou visualizar contidos, excluindo os teléfonos móbiles. Desta forma temos un indicador que resume o aumento da dixitalización doméstica, independente da clase de aparello.

Así, neste capítulo enténdese o termo “ordenador” nun sentido amplo, que comprende ordenadores portátiles, de sobremesa, tablets e similares (híbridos entre portátiles e tablets), Smarttv e consolas de videoxogos conectados a Internet<sup>1</sup>. É dicir, dispositivos do fogar que permiten navegar por internet e usar as funcionalidades dun ordenador. Desta forma tamén se pode contrastar o dato co que publica o Instituto Nacional de Estatística (INE) a nivel estatal e así dispoñer dunha comparativa.


No ano 2025, o 80,8% dos fogares dispoñen deste tipo de dispositivo, o que supón un incremento do 0,1% respecto ao exercicio anterior.

Entre os anos 2021 e 2025, a proporción de fogares galegos con ordenador aumentou nun 2,7 %, mentres que a nivel estatal, a tendencia é estable. Estes datos evidencian a tendencia á converxencia na dixitalización dos fogares e da cidadanía galega; e amosan cambios na relación entre a tecnoloxía e os fogares: a dixitalización xa non se pode resumir a través da presenza dun equipamento concreto, é cada vez máis diversa e complexa.

En termos interanuais, a porcentaxe xeral de fogares con ordenador en Galicia aumentou 1 décima respecto a 2024. Crecen significativamente algunhas das tecnoloxías incluídas (smart tv e tablets) pero crece moi pouco o indicador global. Por tanto os fogares con ordenador, teñen máis diversidade de equipamentos pero non tenden a incorporarse ordenadores moitos fogares que non o tiñan anteriormente.

#### G.3. Fogares con ordenadores

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

<sup>1</sup> Tanto as Smart TV como as consolas de videoxogos poden realizar boa parte das funcións dun ordenador, como navegar por internet, usar aplicacións, realizar videochamadas (utilizar Zoom o Google Meet), acceder a arquivos na nube, conectar o teclado e rato para mellorar a navegación ou escribir, editar o ver documentos, almacenar arquivos.

#### G. 4. Evolución dos fogares con ordenadores e Comparativa coa Media Estatal



**Incremento no período 2021-2025**  
Galicia: + 2,7% España: +0,1%

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA -IGE - INE (2021-2025)

No ano 2025, o ordenador portátil consolídase como o tipo de ordenador con maior presenza nos fogares galegos co 59,8%, pero a tablet é o dispositivo que máis crece, máis de 5 puntos no último ano.

As PDA ou tablets están dispoñibles no 46,1% dos fogares galegos (40,9% en 2024), mentres os ordenadores de sobremesa están no 32,3% das vivendas, e que creceron 2,6 puntos no último ano.

#### G. 5. Fogares con ordenadores. Desagregación por tipoloxía

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

No ano 2025, o 83,5% dos fogares da provincia da Coruña dispoñen dalgún tipo de ordenador, e segue a ser a provincia galega con maior nivel de equipamento neste ámbito. Séguenlle os fogares da provincia de Pontevedra, cunha porcentaxe do 80,4%. Mesma orde que en 2024.

### G. 6. Fogares con ordenadores segundo a provincia de residencia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O tamaño do concello de residencia constitúe unha das variables máis relevantes en relación coa dispoñibilidade de ordenadores nos fogares. No ano 2025, as vivendas situadas en concellos de 20.000 ou máis habitantes superan a media autonómica de fogares con ordenador (máis do 80,8%), co máximo no 86,1%, nos de máis de 50.000.

Pola contra, nos concellos con menor volume de poboación, a porcentaxe de fogares con este equipamento sitúase no 68%.

### G. 7. Fogares con ordenadores segundo o tipo de hábitat




Fonte: OSIMGA+IGE (2025)

As áreas que contan con maior presenza de ordenadores son Santiago, Barbanza-Noia, Ourense, A Coruña e O Morrazo.

Nesta edición ningunha area comarcal está por baixo do 61%.

Os que máis crecen respecto ao ano anterior son áreas rurais como O Carballiño-Ribeiro (+23,6%), Costa da Morte (+20,4%) e Pontevedra Sur (+15,2%).

### G. 8. Fogares con ordenadores segundo a Área




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza de ordenadores sitúase principalmente no eixo atlántico, costa norte e área urbana de Ourense.

### M.1. Mapa de Fogares con ordenadores segundo a Área


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Analizando os valores de presenza de ordenadores no fogar para os sete concellos con maior poboación de Galicia, todos eles superan a media autonómica (80,8%), sendo en xeral cidades do Norte (Santiago, Lugo, Ferrol) nas que hai maior porcentaxe de fogares con ordenadores (sobremesa, portátiles, tablets e PDAs, SmartTV, e consolas de videoxogos conectados internet).

#### G. 9. Fogares con ordenadores nos Concellos con maior poboación




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Outra das variables que presenta unha relación significativa co grao de dixitalización dos fogares é o número de persoas que conviven na unidade familiar. Os datos da edición de 2025 confirman, igual que en edicións anteriores, que a presenza de equipamento tecnolóxico é maior nos fogares con máis membros. En concreto, nos fogares de catro e 5 ou máis persoas supérase o 94%. Tamén os de 3 superan claramente a media.

Nos fogares unipersoais é nos que máis sube o dato, un 3,8% no último ano e o 9,8% dende 2021. Para interpretar estes datos, debe terse en conta que boa parte dos fogares unipersoais en Galicia están conformados por xente maior, e que a vivendas con máis xente moza e estudantes, tenden a

ser de maior tamaño. Veremos que estes factores (idade e estudantes no fogar) afectan ao nivel de dixitalización do fogar.


### G. 10. Fogares con ordenadores segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Os ingresos no fogar tamén se relacionan coa dispoñibilidade de ordenadores. Nos fogares onde as rendas son máis altas, dispónse dalgún tipo de ordenador no 93,5% dos casos, mentres que nos de menor volume de ingresos descende ata o 51,7%, pero neste último é onde se concentra o crecemento, máis do 20% no último ano (do 42,9% ao 51,7%).<sup>2</sup>

### G. 11. Fogares con ordenadores segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

<sup>2</sup> Debe recordarse que son ingresos por fogar, non por persoa. É probable que aumenten os ingresos cando aumentan os membros no fogar, especialmente se son membros maioritariamente en idade de traballar.

A presenza de menores en idade escolar no fogar varía co tamaño de fogar, repercute de xeito positivo tamén na dispoñibilidade de ordenadores no fogar. Destácase que o 95,1% das vivendas onde conviven rapaces ou rapazas de 3 a 16 anos posúen algún tipo de ordenador, fronte ao 76,7% se non residen persoas destas idades. É dicir, independentemente dos factores estudados anteriormente (nivel de ingresos, tamaño do concello, membros do fogar), a presenza de rapaces de 3 a 16 fai que a vivenda dispoña case sempre de ordenador. É unha tendencia moi similar á de anos anteriores.

G. 12. Fogares con ordenadores segundo a convivencia con nenos/as



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)


## 1.1.2. Fogares con Smart TV

A smart TV defínese por ser un aparello que integra unha conexión a internet para acceder a unha gama de novos canais e aplicacións que permiten dispoñer de retransmisións en *streaming* e outras funcionalidades. Na actualidade, son case o standard nos novos aparellos e poderían parar de crecer ao cambiar os hábitos de ocio, mediante a visualización de contidos audiovisuais mediante outros aparellos alternativos. Tamén pode acontecer o contrario, que estes aparellos con máis funcionalidades substitúan a outros. As smart tv melloran a súa versatilidade e xa se usan para moitas máis funcións que visualizar canais de tv convencionais, sendo unha das principais a conexión a canles de pago por internet.

No ano 2025, o 65,2% dos fogares galegos dispoñen dun televisor intelixente (smart TV), cun incremento sostido nos últimos anos, do 10,3% respecto a 2024 e o 49,2% desde o ano 2021, evidenciando a consolidación deste dispositivo como elemento clave da tecnoloxía dos fogares.

G. 13. Fogares con smart TV


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

G. 14. Evolución dos fogares con smart TV en Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

Os fogares da Coruña volven a ser os que teñen maior presenza de smart TV, mantendo unha vantaxe de máis de 4 puntos sobre calquera das outras provincias.

### G. 15. Fogares con smart TV segundo a provincia de residencia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Tal e como se observou na análise do indicador anterior, o tamaño do concello de residencia continúa a ser unha das variables máis relacionadas co equipamento tecnolóxico dos fogares.

No caso concreto dos televisores intelixentes, a súa presenza increméntase progresivamente a medida que aumenta o número de habitantes do concello. Así, en consonancia coa tendencia observada na dispoñibilidade de ordenadores, os fogares situados en concellos de máis de 20.000 habitantes superan a media autonómica, e os de 10 a 20.000 están moi próximos a esta. Só nos concellos de menos de 5.000 non se acada o 50% de fogares con smart TV, pero crece 5 puntos no último ano.


### G. 16. Fogares con SMART TV segundo o tipo de hábitat



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A presenza de televisores intelixentes é máis elevada, superando o 70%, nas áreas comarcais de Barbanza- Noia (77,6%) , Ourense (72,8%) e Santiago (71,4%). É o primeiro ano en que están presente en máis do 40% en todas as áreas comarcais.

G. 17. Fogares con SMART TV segundo a Área




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza de televisores intelixentes sitúase no Barbanza-Noia, Santiago e Ourense; e o resto de áreas con máis do 65% abranguen áreas urbanas e rurais variadas nas 4 provinciais.

### M.2. Mapa de Fogares con SMART TV segundo a Área


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Os sete concellos con maior poboación de Galicia presentan niveis de dispoñibilidade de televisores intelixentes superiores á media autonómica (65,2%) excepto Vigo, que volve ser a cidade con menos smart TV de Galicia.

### G. 18. Fogares con SMART TV nos Concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O número de persoas que conviven no fogar é outro factor relacionado coa dispoñibilidade de smart TV nas vivendas galegas. Novamente no 2025, a presenza de televisores intelixentes nos fogares acada os seus máximos valores nos fogares de 4 membros (81,9%) e de 5 ou máis membros (78,7%), crecendo respecto ao ano anterior en todas as clases de fogar máis do 6%, co máximo crecemento nos fogares de 1 membro (+19,1%) e de 5 ou máis (18,3%).

### G. 19. Fogares con SMART TV segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A dispoñibilidade de televisores intelixentes nos fogares galegos tamén mostra unha clara correlación cos niveis de ingresos mensuais. Nos fogares cun nivel de ingresos máis elevado, a dispoñibilidade de televisores intelixentes acada o 78,9 %, fronte ao 33,9 % rexistrado nos fogares situados no tramo de rendas máis baixas.

Con todo, crece con moita forza nos tramos de menor renda: un 58,8% nos de menos de 601, o 37,1% nos de 601 a 1100, e o 12,8% nos de 1101 a 1800. O resto crecen menos do 10%.

### G. 20. Fogares con SMART TV segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Ao igual que ocorría co resto de tecnoloxías, a presenza de smart TV no fogar segundo se hai convivencia con nenos/as en idade escolar amosa un contraste importante. No 2025 o 82,3% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón dun Smart TV, fronte ao 60,4% onde non residen rapaces destas idades, o que representa un crecemento idéntico, do 10,4% en ambos casos.

### G. 21. Fogares con SMART TV segundo a convivencia con nenos / as



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)


### 1.1.3 Fogares con consolas de xogos con capacidade de acceso a Internet

A consola de xogos con acceso a Internet é un dispositivo electrónico cuns niveis de implantación relativamente estable nos últimos anos, debido á crecente diversificación das opcións de lecer dixital no fogar. Porén, no último ano rexístrase un incremento significativo, rompendo coa tendencia de estabilidade observada nos últimos anos.

No 2025, o 24,4% dos fogares dispón deste equipamento, o que supón un crecemento do 7,5% respecto ao último ano e 9,9% dende 2021.

G. 22. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

G. 23. Evolución dos fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet en Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

A maior presenza nos fogares de consola de xogos con capacidade de acceso a Internet sitúase nas provincias de Pontevedra (25,2%) e a provincia da Coruña (25,1%). No lado contrario atopamos os fogares da provincia de Lugo, onde só o 21,7% dispón deste tipo de dispositivo.

#### G. 24. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a provincia de residencia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As vivendas situadas nos concellos de máis de 10.000 habitantes son as que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica de consola no fogar (24,4%). Só os concellos de menos de 10.000 habitantes están por debaixo da media. Probablemente este fenómeno estea ligado ao avellentamento destas poboacións rurais e a pouca presenza de nenos/as.

#### G. 25. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo o tipo de hábitat<sup>3</sup>




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

<sup>3</sup> Chama a atención que nos concellos de máis de 50.000 baixe a presenza de “consolas” respecto a estratos máis rurais. Para interpretar o fenómeno, como hipótese, recoméndase observar o forte aumento da presenza de ordenadores nos concellos de máis de 50.000 habitantes, que pode considerarse tecnoloxía substitutiva das consolas.

Lideran a presenza das consolas con capacidade de acceso a Internet as áreas comarcais de Pontevedra (28,5%), A Coruña (27,8%), Santiago (27,8%), Vigo (27,2%) e Ourense (27%).

G. 26. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a Área





Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza das consolas de xogos con capacidade de acceso a Internet sitúase en áreas do eixo atlántico máis Ourense.

### M.3. Mapa de Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a Área


(% do total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Tendo en conta os 7 concellos con maior poboación, case todos superan a media autonómica (24,4%), a excepción de Ferrol (21,8%).

### G. 27. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet nos Concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A maior ou menor presenza das consolas nos fogares galegos está relacionada co tamaño do fogar. Nos fogares de máis de 3 membros a presenza das videoconsolas supera a media galega, sendo os fogares de 5 ou máis membros (46,3%) onde este dispositivo ten máis presenza.

G. 28. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O volume de ingresos no fogar tamén se relaciona coa presenza de consolas: os fogares onde as rendas son máis altas dispónse en maior medida de consola de xogos, mentres que a menor volume de ingresos hai menos probabilidade de ter este dispositivo nos fogares.

G. 29. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A presenza de menores de idade no fogar é a variable que máis intervéñen na dispoñibilidade de consola de xogos. O 47,8% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón de videoconsolas, fronte ao 17,7% onde non residen rapaces destas idades.

G. 30. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a convivencia con nenos / as



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

## 1.2. Tecnoloxías disruptivas nos fogares galegos

Dende 2021, a enquisa estrutural aos fogares incorpora dous novos indicadores que permiten profundar na análise da presenza de tecnoloxías disruptivas nos fogares galegos: os altofalantes intelixentes con asistente dixital e outros dispositivos domésticos conectados a Internet (como sistemas de domótica, iluminación, termóstatos, electrodomésticos e dispositivos de seguridade conectados). Trátase de aparellos que, sen seren ordenadores, móbiles ou consolas, empregan Internet para ofrecer información, compartila ou permitir o seu control remoto. Deste xeito, conséguese unha visión máis detallada da implantación da Internet das Cousas (IoT) nos fogares de Galicia.


### 1.2.1. Fogares con altofalantes intelixentes con asistente dixital conectado a Internet

O altofalante intelixente é un dispositivo que combina un altofalante e micrófono cun asistente virtual activado por voz, permitindo aos usuarios interactuar mediante ordes ou consultas para realizar tarefas como reproducir música, obter información ou controlar outros dispositivos do fogar, tanto domóticos como aparellos informáticos ou audiovisuais.

A presenza deste tipo de tecnoloxía nos fogares galegos continúa medrando, consolidándose como un elemento destacado do fogar intelixente. En 2025, o 18,1% dos fogares dispón dun altofalante intelixente, o que supón un crecemento relativo do 9,7% respecto ao ano anterior.

#### G. 31. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

G. 32. Evolución dos fogares con altopalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet en Galicia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Segundo a distribución por provincias obsérvase unha maior presenza destes dispositivos nos fogares das provincias da Pontevedra (19,6%), e Coruña (18%).

G. 33. Fogares con altopalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo a provincia de residencia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Nos concellos de máis habitantes tende a haber maior presenza desta tecnoloxía nos fogares. Así as vivendas situadas nos concellos de máis de 20.000 habitantes acadan porcentaxes iguais ou superiores ás da media autonómica (18,1%), o resto de estratos queda por debaixo.


### G. 34. Fogares con altoparlante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo o tipo de hábitat



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As áreas de Vigo (25,8%), Ourense (24,9%), Pontevedra (21,9%), O Barbanza -Noia (20,9%), Santiago (20,6%) e Coruña (20,2%) son as que acadan valores superiores á media no que se refire á presenza de altoparlantes intelixentes.

### G. 35. Fogares con altoparlante intelixente con asistente dixital conectado a Internet por Área




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza de altofalantes intelixentes concéntranse nas áreas urbanas e periurbanas, especialmente Vigo, Ourense e Pontevedra. Tamén destacan algunhas comarcas costeiras ou con dinámicas semiurbanas como Barbanza-Noia. En contraste, as menores cifras obsérvanse en zonas máis rurais ou dispersas, como Ourense Sur (5,6%) ou A Mariña (8,6%).

#### M.4. Mapa de fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a internet segundo a Área


(% sobre total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Todos os concellos de maior poboación, a excepción de Ferrol, dispoñen nos seus fogares de altofalantes intelixentes máis frecuentemente que a media autonómica.

### G. 36. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet nos Concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Nos fogares de catro membros (28,5%), cinco ou máis membros (25,5%) e tres membros (21,4%) é onde se rexistra unha maior presenza de altofalantes intelixentes con asistente dixital, superando en todos os casos a media galega.

### G. 37. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O volume de ingresos no fogar tamén ten relación directa con este indicador: os fogares con rendas máis altas presentan unha maior presenza de altofalantes intelixentes, mentres que nos fogares con menor nivel de ingresos a súa implantación é máis reducida.

**G. 38. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo volume total de ingresos no fogar**



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A presenza de menores en idade escolar é outras das variables que explican a dispoñibilidade dos altofalantes intelixentes nos fogares. O 31,9% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón destes dispositivos, fronte ao 14,1% onde non residen rapaces destas idades.

**G. 39. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo a convivencia con nenos / as**



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)


## 1.2.2. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a internet

Os “outros dispositivos domésticos conectados a internet” fan referencia a aparellos distintos dos descritos en capítulos anteriores que utilizan conexión á rede, como dispositivos de seguridade e cámaras de vixilancia, sistemas de control de enerxía, automatización de fiestras e portas, climatización, electrodomésticos conectados ou, en xeral, solucións baseadas na Internet das Cousas (IoT).

En 2025, a penetración deste tipo de tecnoloxía nos fogares galegos sitúase no 12,8%, o que supón un crecemento relativo do 32% respecto ao ano anterior.

G. 40. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

G. 41. Evolución; fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet en Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

Nota metodolóxica: nos anos 2021, 2022 e 2023 contemplábanse outro tipo de electrodomésticos conectados a internet como dispositivos de seguridade, electrodomésticos e / ou sistemas conectados para a administración de enerxía. Para poder comparar con esta edición agrupáronse / recalcúláronse os datos para eses anos agrupándoos todos nunha soa categoría de “outros”.

Os fogares das provincias da Coruña e Pontevedra (14,2% e 12,2%, respectivamente) presentan unha maior penetración doutros dispositivos domésticos conectados a Internet, situándose por riba do resto de provincias.

#### G. 42. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo a provincia de residencia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A penetración doutros dispositivos domésticos conectados a Internet é maior en xeral nos municipios de máis poboación: son máis frecuentes nos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes (15,3%) e nos de máis de 50.000 habitantes (13,8%), mentres que nos municipios de menos de 5.000 e nos municipios de 10.000 a 20.000 é inferior á media galega (12,8%).


#### G. 43. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo o tipo de hábitat



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A maior presenza doutros dispositivos domésticos conectados a Internet concéntrase nalgúns áreas urbanas e contornas próximas, destacando a Área de Pontevedra (18,1%), a Área de Santiago (17,1%) e Barbanza-Noia (16,9%), todas por riba da media galega (12,8%). Pola contra, as menores porcentaxes rexístranse en zonas como Pontevedra Sur (4,3%), Ourense Sur (6,8%) e A Mariña (7,1%), o que evidencia unha menor implantación nos territorios máis rurais ou dispersos.

G. 44. **Fogares con outros** dispositivos domésticos conectados a internet segundo Área




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Neste mapa obsérvase que a maior presenza destes dispositivos concéntrase nas áreas urbanas, como Pontevedra, Santiago e Barbanza-Noia, mentres que os niveis máis baixos se rexistran no extremo sur e no extremo norte: en zonas do interior como Pontevedra Sur, Ourense Sur e A Mariña.

### M.5. Mapa de fogares con outros dispositivos domésticos conectados a internet segundo a Área


(% sobre total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A maior presenza doutros dispositivos domésticos *conectados* rexístrase en Santiago de Compostela e Pontevedra (16,3% en ambos casos), seguidas de Vigo e A Coruña, mentres que Ferrol volve a presentar os valores máis baixos (7,5%).

G. 45. **Fogares con outros** dispositivos domésticos conectados a Internet nos Concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A presenza doutros dispositivos domésticos *conectados* aumenta co tamaño do fogar, acadando o seu máximo nos fogares de catro membros (17,1%), mentres que nos fogares unipersoais é significativamente menor (7,9%).

G. 46. **Fogares con outros** dispositivos domésticos conectados a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Existe unha clara relación co nivel de ingresos: a presenza destes dispositivos aumenta a medida que as rendas do fogar son máis elevadas, acadando o seu máximo nos fogares con máis de 3.500 euros mensuais (21,2%), mentres que nos de menor renda é moito máis reducida (2,1% entre 601 e 1.100 euros).

G. 47. **Fogares con outros** dispositivos domésticos conectados a Internet segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A presenza de menores en idade escolar está relacionada cunha maior dispoñibilidade de dispositivos domésticos intelixentes nos fogares. O 18,9% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón desta tecnoloxía, fronte ao 11,1% onde non residen rapaces destas idades.

G. 48. **Fogares con outros** dispositivos domésticos conectados a Internet segundo a convivencia con nenos / as



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)



## 2. Fogares con Internet contratado



## 2. Fogares con Internet contratado



No 2025, o 95,7% dos fogares galegos contan con Internet contratado, o que supón un incremento do 0,2% respecto ao ano anterior.


O 74,2% dos fogares con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual ou superior aos 100Mbps.



En 2025, o 95,7% dos fogares galegos dispón de conexión a Internet, cun crecemento do 0,2% respecto ao ano anterior.

### G. 49. Fogares con Internet contratado

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A evolución de fogares con Internet contratado en Galicia presenta un ascenso superior ao observado a nivel europeo, acadando un incremento do 3,8% no período 2021-2025 fronte ao 2,9% de aumento da media europea nese mesmo período.

G. 50. Fogares con Internet contratado. Comparación Galicia, España e UE

**Incremento no período 2021 - 2025**  
**Galicia: 3,8% España: 1,6 UE: 2,9%**



Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2021-2025)

En termos absolutos, 926.797 fogares galegos teñen contratado Internet, o que representa un incremento de 57.843 fogares nos últimos catro anos.


C.1 . Fogares nos que reside unha persoa de 16 a 74 anos con Internet contratado. Evolución Galicia 2021-2025

Fogares con Internet					
2021	2022	2023	2024	2025	Incremento no período 2021-2025
868.954	874.806	890.005	924.162	926.797	57.843

(Valores Absolutos)  
 Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

No ano 2025, os datos por provincias manteñen unha tendencia similar á de anos anteriores. Porén, Pontevedra e A Coruña destacan cun nivel de dixitalización superior ao resto, mentres que os fogares das provincias de Lugo e Ourense presentan unha porcentaxe de conexión a Internet por debaixo da media galega, situada no 95,7%.

### G. 51. Fogares con Internet contratado segundo a provincia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

En función do tamaño do concello, obsérvase que os fogares situados en hábitats máis poboados presentan maiores niveis de dixitalización. A porcentaxe de fogares con conexión a Internet aumenta progresivamente co tamaño do municipio, superando a media galega (95,7%) nos concellos de máis de 10.000 habitantes. Destaca especialmente o grupo de máis de 50.000 habitantes, que acada o valor máis elevado (98,1%), fronte aos municipios de menos de 5.000 habitantes, onde a penetración é menor (90,5%).

### G. 52. Fogares con Internet contratado segundo o tipo de hábitat



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

En valores absolutos, a evolución da contratación de Internet mostra que os maiores incrementos rexístranse nos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes (15,8%) e nos de 10.000 a 20.000 habitantes (11,6%) no período 2021-2025. Pola súa banda, os concellos de menos de 5.000 habitantes presentan un crecemento máis moderado (8,3%).

## C.2 Fogares nos que residen persoas de 16 a 74 anos con Internet contratado segundo tipo de hábitat. Evolución Galicia 2021-2025


Fogares con Internet segundo tipo de hábitat			
Valores Absolutos			
	2021	2025	Incremento no período 2021-2025
Ata 5.000 hab.	124.323	134.608	8,3%
De 5.001 a 10.000 hab.	113.168	103.343	-8,7%
De 10.000 e 20.000 hab.	141.175	157.550	11,6%
De 20.000 e 50.000 hab.	146.411	169.585	15,8%
Máis de 50.000 hab.	343.876	361.710	5,2%

(Valores Absolutos)

Fonte: OSIMGA + IGE (2021-25)

No 2025, a práctica totalidade das áreas comarcais superan o 90% de fogares con Internet contratado, destacando valores especialmente elevados en O Morrazo (97,9%), a Área de Vigo (97,2%) e A Coruña e Caldas-O Salnés (97,0%). Pola contra, as menores porcentaxes rexístranse en Lugo Oriental (86,2%) e Lugo Sur (89,7%), aínda que en todos os casos a penetración é elevada.


### G. 53. Fogares con Internet contratado segundo a Área



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

### M.6. Mapa de Fogares con Internet contratado segundo a Área


(% sobre total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Os sete grandes concellos presentan niveis moi elevados de conexión a Internet, todos por riba do 97%, destacando Vigo (98,5%), Pontevedra (98,4%) e Santiago e Lugo (98,1%).


G. 54. Fogares con Internet contratado nos 7 concellos de maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A dixitalización dos fogares, en termos de Internet contratado, está estreitamente relacionada co número de persoas que residen no fogar. En 2025, a práctica totalidade dos fogares galegos con catro membros (99,9%) e cinco ou máis membros (100%) dispoñen de conexión a Internet. Pola contra, os fogares unipersoais son os que presentan a menor porcentaxe de contratación (89,9%), aínda que tamén experimentaron un crecemento nos últimos anos.

### G. 55. Fogares con Internet contratado segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A renda familiar dos fogares galegos acompaña o aumento da contratación de Internet, concluíndo que a maior volume de ingresos máis dixital é o fogar. A contratación de Internet aumenta a medida que os ingresos son maiores, pasando do 84,3% nos fogares con rendas entre 601 e 1.100 euros ao 99,5% nos que superan os 3.500 euros mensuais.

### G. 56. Fogares con Internet contratado segundo o volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A convivencia con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos) inflúe positivamente na dixitalización. Nestes fogares, a porcentaxe de contratación de Internet acada o 99,6%, 3,9 puntos porcentuais por riba da media galega.

G. 57. Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos / as



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

## 2.1 Velocidade de conexión nos fogares

Todos os fogares galegos con conexión a Internet contan con banda larga (máis de 1 Mbps). En 2025, o 74,2% dos fogares dispón dunha velocidade igual ou superior aos 100 Mbps, destacando un 30,5% con conexións de 1 Gbps ou superiores. Pola súa banda, só o 9,4% conta con velocidades inferiores a 30 Mbps.

G. 58. Velocidade de conexión nos fogares




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O 90,6% dos fogares galegos con conexión a internet dispoñen dunha velocidade superior aos 30 Mbps, o que supón un incremento do 30% respecto ao ano 2021, amosando a rápida evolución de velocidade de conexión nos fogares galegos.

G. 59. Velocidade de conexión superior a os 30 Mbps nos fogares

(% sobre el total de fogares con conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

## G. 60. Evolución da velocidade de conexión superior a 30 Mbps 2021-2025



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-25)

En termos absolutos, o número de fogares con conexións de 100 Mbps ou superiores experimentou un forte crecemento, pasando de arredor de 261.000 fogares en 2021 a case 688.000 en 2025, o que supón un incremento do 163,7% no conxunto do período.

### C.3 Fogares con Internet contratado e velocidade de conexión de 100 Mbps ou superior. Evolución Galicia 2021-2025

Fogares con velocidade de Internet contratada de 100 Mbps ou superior. Evolución 2021-2025. Valores Absolutos					
2021	2022	2023	2024	2025	Incremento no período 2021-2025
260.921	397.162	398.946	401.840	687.993	163,7%


Fonte: OSIMGA + IGE (2021-25)



### 3. Usos de diferentes dispositivos electrónicos



### 3. Usos de diferentes dispositivos electrónicos




**O 95,8% dos galegos/as utilizaron algún tipo de dispositivo electrónico nos últimos tres meses.**

**O 95,7% da poboación galega emprega un smartphone e un 63,3% usou ordenador de sobremesa ou portátil.**

Respecto dos usos e hábitos dixitais da poboación galega no ámbito persoal, en primeiro lugar analízase o uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, incluíndo ordenadores, smartphones e outros dispositivos móbiles como tablets ou PDAs. En 2025, máis do 95% da cidadanía galega (95,8%) empregou algún destes dispositivos, o que supón un incremento de 4,6 puntos porcentuais respecto a 2021.

G. 61. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos tres últimos meses


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

G. 62. Evolución do uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses en Galicia.

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2021-25)

Non se observan diferenzas relevantes por sexo, mentres que a idade actúa como un factor determinante na dixitalización da poboación galega.


O uso de dispositivos electrónicos presenta unha clara fenda xeracional en Galicia. Mentres que nas idades máis novas (de 16 a 44 anos) a utilización é practicamente universal, con valores próximos ao 100%, a partir dos 55 anos obsérvase un descenso progresivo. Así, o uso redúcese ao 94,9% no grupo de 55 a 64 anos e baixa de forma máis acusada ata o 83,0% entre as persoas de 65 a 74 anos.

G. 63. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)


G. 64. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a idade



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O nivel formativo, ao igual que ocorre coa idade, marca diferenzas no nivel de dixitalización da poboación galega. No 2025, a porcentaxe de usuarios de dispositivos electrónicos alcanza a práctica totalidade entre as persoas con educación superior e segunda etapa de educación secundaria ou postsecundaria non superior.

G. 65. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Os estudantes e ocupados/as constitúen os estratos da poboación que máis utilizan o ordenador e os dispositivos móbiles, mentres que a porcentaxe entre xubilados/as e as persoas con discapacidade baixa ata 84,3% e o 82,6% respectivamente.

G. 66. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a situación socio-laboral



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A persoas que residen na provincia de Pontevedra e A Coruña sitúanse por riba da media galega no uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, pero neste caso as diferenzas co resto son mínimas.

G. 67. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses por provincia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Tendo en conta o tamaño do hábitat, no uso de dispositivos electrónicos, as diferenzas non son grandes pero crecen xunto co tamaño do concello. Están por enriba da media a partir dos 10.000 habitantes, por debaixo da media nos estratos con poboacións máis pequenas.

G. 68. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A distribución territorial amosa niveis moi elevados de uso de dispositivos electrónicos en todas as áreas, aínda que con certas diferenzas. Destacan valores especialmente altos en O Morrazo e na Área de Vigo (97,4%), así como na Área de A Coruña (97,3%). Pola contra, as menores porcentaxes rexístranse en Ourense Sur (88,5%) e A Coruña Suroriental (89,5%), evidenciando unha menor

penetración nas zonas máis rurais ou periféricas. En conxunto, a maioría das áreas sitúanse por riba do 95%, o que confirma unha alta extensión do uso destes dispositivos en Galicia.


G. 69. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a Área



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

M.7. Mapa de persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a Área


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Entre os 7 concellos con maior poboación de Galicia, Vigo e Lugo son os que presentan un maior uso de dispositivos electrónicos, cun 98,9% e 98,5%, respectivamente. As diferenzas entre concellos son mínimas e todos eles sitúanse por riba da media galega.


G. 70. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses nos 7 concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As persoas que conviven en fogares de catro membros son os de maior uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, cun 98,9%.

G. 71. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O uso de dispositivos electrónicos está vinculado ao nivel de ingresos do fogar. A dixitalización das persoas aumenta a medida que se incrementan os ingresos, de xeito que aquelas que viven en fogares con maiores rendas son as que presentan un uso máis frecuente destes dispositivos nos últimos tres meses (98,1%).

G. 72. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O uso de dispositivos electrónicos é superior nos fogares con menores en idade escolar obrigatoria (98,9%) que nos que non contan con eles (94,8%).

G. 73. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos / as



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A continuación, analízanse os tipos de dispositivos electrónicos empregados pola cidadanía galega. O dispositivo máis estendido entre os galegos/as é o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet (smartphone): o 95,7% da poboación galega emprega un smartphone.

O 63,3% dos galegos/as empregaron o ordenador nos últimos tres meses, mantendo a tendencia dos últimos anos.

En terceiro lugar sitúase o uso doutros dispositivos móbiles (tablet, PDA ou netbooks). En 2025, o 40,5% da poboación galega emprega este tipo de dispositivos, cun incremento respecto ao ano anterior do 8,9%, consolidando o seu papel como dispositivos complementarios ao smartphone e ao ordenador.

### G. 74. Dispositivos utilizados nos últimos tres meses



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

### G. 75. Dispositivos utilizados nos últimos tres meses: evolución



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

A continuación analízase o uso do smartphone, ordenadores e tablets segundo as distintas variables sociodemográficas.

Desde unha perspectiva de xénero, non se observan diferenzas estatisticamente significativas no uso de dispositivos electrónicos móbiles. Non obstante, detéctase unha maior proporción de usuarias no caso do smartphone (96%) e das tablets (41,7%), mentres que os homes presentan unha taxa de uso superior no caso dos ordenadores (64,5%).

Pola contra, a pesar da mellora da converxencia, a variable idade amosa unha influencia directa e destacada nos patróns de uso destes dispositivos, evidenciando unha fenda dixital interxeracional. Esta diferenza maniféstase de forma clara no uso do smartphone, dos ordenadores e das tablets.

O uso do smartphone supera o 99% entre a poboación de 16 a 44 anos, mentres que se reduce ao 82,6% no segmento de persoas maiores de 65 anos. O mesmo patrón reproducése no uso de ordenadores (portátiles ou de sobremesa) e de dispositivos como tablets, PDA ou netbooks. Así, no que se refire ao uso das tablets o 54,5% da mocidade galega emprega estes dispositivos, fronte ao 21,1% da poboación de entre 65 e 74 anos.

#### C.4 . Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Home	95,3%	64,5%	39,3%
Muller	96,0%	62,2%	41,7%
<b>TOTAL</b>	<b>95,7%</b>	<b>63,3%</b>	<b>40,5%</b>

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

#### C.5 . Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo idade

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a idade (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
De 16 a 24 anos	99,8%	86,9%	54,5%
De 25 a 34 anos	99,8%	77,4%	46,4%
De 35 a 44 anos	99,7%	75,8%	49,3%
De 45 a 54 anos	99,0%	68,7%	45,9%
De 55 a 64 anos	94,8%	50,8%	32,3%
De 65 a 74 anos	82,6%	33,1%	21,1%
<b>TOTAL</b>	<b>95,7%</b>	<b>63,3%</b>	<b>40,5%</b>

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As provincias da A Coruña e Pontevedra sitúanse á cabeza no nivel de uso de todos os tipos de dispositivos electrónicos. As diferenzas é máis notables entre provincias prodúcense caso dos ordenadores.

### C.6. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo a provincia

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo Provincia (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
A Coruña	96,2%	66,0%	43,6%
Lugo	94,2%	54,4%	38,9%
Ourense	94,0%	56,5%	38,9%
Pontevedra	96,0%	65,2%	37,9%
<b>TOTAL</b>	<b>95,7%</b>	<b>63,3%</b>	<b>40,5%</b>

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O tamaño de hábitat é unha segmentación que amosa contrastes. Os concellos de máis de 20.000 habitantes sitúanse por riba da media autonómica no uso de todos os dispositivos electrónicos. Os concellos de menos de 5.000 habitantes rexistran as porcentaxes máis baixas no uso desta clase de equipamentos dixitais.

### C.7. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo o tipo de hábitat

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo Tamaño de Hábitat (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Ata 5.000 hab	89,6%	46,0%	29,8%
De 5.001 a 10.000 hab.	93,5%	55,8%	33,1%
De 10.001 a 20.000 hab.	96,2%	60,4%	35,2%
De 20.001 a 50.000 hab.	96,5%	65,9%	40,5%
Máis de 50.000 hab.	98,0%	72,5%	49,5%
<b>TOTAL</b>	<b>95,7%</b>	<b>63,3%</b>	<b>40,5%</b>

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Novamente, as persoas que conviven en fogares de catro membros e, en xeral, nos fogares de maior tamaño son os que describen un maior uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses. Creemos que ao superar os 4 membros, hai máis posibilidades de que convivan tres xeracións no fogar e por iso o indicador de "5 ou máis membros" tende a ser inferior en moitos casos.

#### C.8 .Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo número de persoas no fogar

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo nº de persas no fogar (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Fogares de 1 membro	90,8%	47,7%	26,8%
Fogares de 2 membros	93,4%	55,7%	34,2%
Fogares de 3 membros	96,6%	65,7%	42,6%
Fogares de 4 membros	98,7%	74,4%	49,8%
Fogares de 5 ou máis membros	97,1%	67,2%	44,0%
<b>Total</b>	<b>95,7%</b>	<b>63,3%</b>	<b>40,5%</b>

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O nivel de ingresos no fogar é outra variable relacionada directamente co uso dos equipamentos dixitais. As persoas que conviven en fogares cun maior nivel de ingresos rexistran un maior uso, tanto do smartphone, como das tablets e ordenadores.

#### C.9 Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo o volumen total de ingresos no fogar

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo volume total de ingresos no fogar (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
<b>Menos de 601 €</b>	90,5%	16,4%	30,2%
<b>Entre 601 € e 1.100 €</b>	88,4%	17,6%	33,7%
<b>Entre 1.101 € e 1.800 €</b>	92,5%	25,7%	46,0%
<b>Entre 1.800 € e 2.700 €</b>	93,9%	30,2%	53,0%
<b>Entre 2.701 € e 3.500 €</b>	96,8%	43,2%	67,9%
<b>Máis de 3.500 €</b>	98,0%	52,7%	76,5%
<b>Total</b>	<b>95,7%</b>	<b>63,3%</b>	<b>40,5%</b>

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A presenza de nenos/as en idade escolar obrigatoria no fogar está relacionada co uso de dispositivos electrónicos, superando significativamente á media que se rexistra nos fogares onde non conviven con nenos/as.

#### C.10 Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo a convivencia con nenos/as

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo Convivencia con nenos /as estudantes (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	98,9%	75,6%	54,0%
Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	94,6%	59,2%	36,0%
<b>TOTAL</b>	<b>95,7%</b>	<b>63,3%</b>	<b>40,5%</b>

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)



#### 4. Tendencias digitais: usos de internet



## 4. Tendencias dixitais: usos de Internet



**A porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses acadou o 94,3% no 2025, cun incremento do 0,4% respecto ao ano anterior.**

**O nivel de dixitalización segue medrando entre as persoas de 65 a 74 anos: o 77,4% xa usa Internet, o que representa un incremento do 3,5% en comparación co ano anterior.**



**Telefonar por Internet/videoconferencias e ler noticias, xornais ou revistas en liña son as actividades máis habituais entre os internautas galegos, sendo realizadas por máis de 9 de cada 10 persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.**

Un dos indicadores máis significativos para avaliar o nivel de dixitalización da sociedade é o uso de Internet con fins particulares. En 2025, o 94,3% da poboación galega utilizou Internet nos tres últimos meses, o que supón un incremento de 0,4% respecto ao ano anterior e de 5,5% desde 2021.

A dixitalización da poboación galega continúa consolidándose e expandíndose, especialmente á luz dos cambios experimentados nos últimos anos. Actividades como o uso de mensaxería instantánea, a procura de información, as videochamadas, a banca en liña, as compras por Internet ou o lecer dixital están a impulsar significativamente este avance. Este crecemento resulta especialmente relevante en colectivos que tradicionalmente presentaban unha menor integración dixital, como as persoas maiores ou residentes en contornas rurais, contribuíndo a reducir progresivamente a fenda dixital.


O proceso de dixitalización segue a avanzar en todos os grupos de idade, destacando o incremento sostido entre a poboación de maior idade, o que reforza a tendencia cara a unha maior inclusión dixital da sociedade galega.

## 4.1 Usuarios/as de Internet

Máis do 94% da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses, consolidando a tendencia crecente dos últimos anos. Galicia presenta unha evolución similar -e incluso superior- á observada no conxunto de España e da Unión Europea, cun incremento do 5,5% dende 2021, reafirmando o avance sostido da dixitalización.

### G. 76. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)


G. 77. Evolución do uso de internet nos tres últimos meses e Comparativa coa Media Estatal e Europea



**Incremento no período 2021 - 2025**  
**Galicia: 5,5%. España: 2,6%. UE: 5,4%**

**Persoas que utilizaron internet nos últimos tres meses**  
**Evolución Galicia**


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

**Persoas que utilizaron internet nos últimos tres meses**  
**Comparación Galicia, España, Europa**

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2021-2025)

En termos absolutos, 1.885.622 galegos/as de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que representa un incremento de 127.429 internautas nos últimos catro anos.

C.11 . Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Evolución Galicia 2021-2025

(Valores Absolutos)


Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses					
2021	2022	2023	2024	2025	Incremento no período 2021-2025
1.758.193	1.763.218	1.807.980	1.871.307	1.885.622	127.429

Fonte: OSIMGA -IGE (2021-2025)

A idade é unha das variables que máis inflúe no nivel de dixitalización: canto menor é a idade, maior é o uso de Internet. En Galicia, o uso é practicamente universal entre a poboación menor de 55 anos, con valores próximos ao 100%. A partir desa idade obsérvase un descenso, aínda que con melloras destacadas nos últimos anos, especialmente no grupo de 65 a 74 anos, que acadou o 77,4%, reducindo progresivamente a fenda xeracional.

G. 78. Evolución do uso de internet por idades e Comparativa coa Media Estatal. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A mellora nas habilidades e nos usos dixitais da poboación maior de 55 anos en Galicia está directamente ligada ao aumento de internautas nestes grupos. Actualmente, o número de galegos e galegas de entre 55 e 64 anos que empregan Internet é un 13,4% superior á de hai catro anos, o que se traduce na incorporación de 44.905 novos usuarios. No caso das persoas de 65 a 74 anos, o incremento foi aínda máis notable: un 38,7% máis que en 2021, o que supón 72.894 novos internautas neste tramo de idade.

### C.12 Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Evolución Galicia 2021-2025


(Valores Absolutos)

Valores Absolutos			
	2021	2025	Incremento no período 2021-2025
De 16 a 24 anos	198.857	<b>218.187</b>	9,7%
De 25 a 34 anos	246.863	<b>248.226</b>	0,6%
De 35 a 44 anos	372.554	<b>333.903</b>	-10,4%
De 45 a 54 anos	417.598	<b>445.184</b>	6,6%
De 55 a 64 anos	334.152	<b>379.057</b>	13,4%
De 65 a 74 anos	188.171	<b>261.065</b>	38,7%
<b>Total</b>	<b>1.758.193</b>	<b>1.885.622</b>	<b>7,2%</b>

Fonte: OSIMGA -IGE (2021-2025)


O uso de Internet entre as mulleres galegas no 2025 mantén a tendencia observada no último ano e afiánzase superando o 94%. Considerando o período 2021-2025 o aumento das mulleres internautas foi do 5,5%.

### G. 79. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o sexo




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

G. 80. Evolución do uso de Internet por sexo e Comparativa coa Media Estatal e Europea




Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2021-2025)



Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2021-2025)

Obsérvase unha maior porcentaxe de uso de Internet co aumento do nivel formativo, a partir da educación post-Secundaria ou ensinanzas superiores sitúase por enriba do 98,5%.

G. 81. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Segundo a situación socio laboral identifícase, un ano máis, que o maior nivel de dixitalización téñeno os estudantes (100%) e ocupados/as (98,8%). En ambos os dous grupos existe un uso case universal de Internet, que xa se detectara nas edicións anteriores desta enquisa. O colectivo que no último ano máis aumenta o seu nivel de dixitalización é o das persoas con discapacidade (+10,5%).


G. 82. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a situación socio-laboral



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A Coruña é a provincia cun maior nivel de uso de Internet nos últimos tres meses. Nesta edición obsérvase un incremento xeneralizado no uso da internet entre a poboación de 16 a 74 anos en todas as provincias. O maior crecemento respecto ao ano anterior vese entre os internautas coruñeses e pontevedreses (+0,6%)

### G. 83. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a provincia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

En termos relativos, as provincias que máis creceron no número de internautas no período 2021-2025 foron Ourense e A Coruña (7,5% e 7,3% respectivamente).


### C.13 Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a provincia. Evolución Galicia 2021-2025 (Valores Absolutos)

Valores Absolutos			
	2021	2025	Incremento no período 2021-2025
<b>A Coruña</b>	740.832	<b>794.658</b>	7,3%
<b>Lugo</b>	202.657	<b>216.899</b>	7,0%
<b>Ourense</b>	187.427	<b>201.476</b>	7,5%
<b>Pontevedra</b>	627.277	<b>672.589</b>	7,2%
<b>Total</b>	<b>1.758.193</b>	<b>1.885.622</b>	<b>7,2%</b>

Fonte: OSIMGA -IGE (2021-2025)

O uso de Internet segundo os tipos de hábitat incrementábase respecto ao ano anterior acadando valores superiores ao 87,5%. Nos concellos de 10.000 a 20.000 habitantes e nos de máis de 50.000 habitantes, supérase amplamente a media galega (94,6%). Os incrementos máis notorios dende o 2021 prodúcense nos concellos que teñen menos de 5.000 habitantes e os de 10.000 e 20.000 habitantes, cun crecemento de internautas do 7,6% e 6,8% respectivamente nos últimos catro anos.

### G. 84. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

En termos relativos, o uso de Internet aumenta en todos os tipos de hábitat, aínda que con diferente intensidade. Os maiores incrementos rexístranse nos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes e nos de 10.000 a 20.000 habitantes (16,7% e 13,2%, respectivamente). Pola súa banda, os concellos de menos de 5.000 habitantes presentan un crecemento máis moderado (4,7%), mentres que nos de máis de 50.000 habitantes o aumento é do 6,7%.

#### C.14 Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a tipo de hábitat. Evolución Galicia 2021-2025


(Valores Absolutos)

Valores Absolutos			
	2021	2025	Incremento no período 2021-2025
<b>Menos de 5.000 habitantes</b>	245.997	257.591	4,7%
<b>Entre 5.000 e 10.000 habitantes</b>	230.931	211.489	-8,4%
<b>Entre 10.000 e 20.000 habitantes</b>	294.354	333.346	13,2%
<b>Entre 20.000 e 50.000 habitantes</b>	302.288	352.874	16,7%
<b>Máis de 50.000 habitantes</b>	684.624	730.322	6,7%
<b>Total</b>	<b>1.758.193</b>	<b>1.885.622</b>	<b>7,2%</b>

Fonte: OSIMGA -IGE (2021-2025)


A distribución territorial do uso de Internet amosa niveis moi elevados en todas as áreas de Galicia, cunha media do 94,3%. Destacan especialmente a Área de Vigo (96,4%), a Área da Coruña (96,0%) e Ferrol-Eume-Ortegal (95,7%), todas por riba da media. Pola contra, os valores máis baixos rexístranse en Lugo Oriental (86,8%), Ourense Sur (88,2%) e A Coruña Suroriental (88,3%).

### G. 85. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a Área




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

M.8. Mapa de Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a Área  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Todos os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica de internautas (94,3%), e o Concello de Ourense co 97,7%, é o que rexistra a maior porcentaxe de internautas nos últimos tres meses.


G. 86. Persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses nos 7 concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Segundo a composición do fogar, a porcentaxe de usuarios de Internet máis elevada é nas persoas que residen en fogares de 4 membros, onde se rexistra o máximo de 98,2%. Nos fogares de 3 membros ou máis, a porcentaxe de internautas supera a media autonómica.

### G. 87. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O nivel de ingresos no fogar, como acontece con outros indicadores da dixitalización, tamén é un factor determinante á hora de utilizar a rede. Os fogares dos estratos con rendas superiores aos 2.700 € superan a media autonómica.

### G. 88. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o volume total de ingresos do fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Ter dentro do fogar nenos en idade escolar tamén incide de xeito significativo nun maior uso de Internet. Na actualidade, a diferenza no uso da Internet entre as persoas que viven en fogares con nenos en idade escolar e naqueles que non residen rapaces é de 5,7 puntos porcentuais.

G. 89. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

## 4.2 Actividades realizadas na Internet

Os indicadores relacionados coas actividades que a poboación galega realiza en internet permiten avaliar o uso dos servizos e recursos dispoñibles na rede, así como o seu impacto na alfabetización dixital, no desenvolvemento de habilidades tecnolóxicas e na accesibilidade para a cidadanía.

O tipo de actividades que os galegos/as realizan na internet varía moito en función do colectivo e está condicionado por distintos factores institucionais, culturais, económicos e sociais, como a idade ou o nivel educativo. Se atendemos a usos máis avanzados, como as actividades relacionadas coa informática ou a banca dixital, entran en xogo outras variables, como a familiaridade cos servizos en liña, a confianza e as habilidades dixitais.

Neste apartado analizaremos os diversos usos que os internautas galegos fan deste medio que nos van permitir perfilar o grao de dixitalización e as habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos.

Concretamente nesta edición mídense diferentes indicadores que agrupan actividades e servizos da internet que utilizan os internautas galegos, como os seguintes:


- ✓ Telefonar por internet/videoconferencia.
- ✓ Buscar información sobre bens ou servizos.
- ✓ Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña.
- ✓ Banca electrónica.
- ✓ Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil.
- ✓ Copiar ou mover ficheiros ou carpetas.
- ✓ Usar programas de ofimática, como procesadores de texto, follas de cálculo ou realizar presentacións con diapositivas.
- ✓ Crear arquivos (documentos, vídeos) que incorporen varios elementos (texto, táboas, gráficos...).
- ✓ Usar software para editar fotos, vídeo ou arquivos de audio.
- ✓ Realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña) ou utilizar material de aprendizaxe en liña.

A continuación preséntanse os resultados para cada un dos novos indicadores presentes nesta edición.

Telefonar por Internet/videoconferencias (92,1%) e ler noticias, xornais o revistas de actualidade en liña (89,4%) son os servizos/actividades máis utilizados entre os galegos e galegas que utilizaron a rede nos últimos tres meses (94,3%).

Outros usos destacados son utilizar da banca electrónica (84,7%) ou utilizar internet para ver ou escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas o de pago (78,9%).

## G. 90. Servizos/Actividades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

O uso que a poboación internauta fai dos servizos dispoñibles na rede continúa estando claramente condicionado polas súas características sociodemográficas. Tal e como reflicten os datos de 2025, variables como a idade, o nivel educativo, a situación socio-laboral, os ingresos ou o concello de residencia inflúen de maneira significativa tanto no acceso como na intensidade de uso de determinados servizos dixitais.

As diferenzas por grupos son especialmente visibles nalgúns servizos. Por exemplo, concertar citas médicas en liña é máis habitual entre as mulleres (75,3%), as persoas de entre 35 e 44 anos (80,3%), as residentes en provincias como Ourense (82,4%) e aquelas con maior nivel educativo ou ingresos. Do mesmo xeito, a convivencia con nenos/as en idade escolar impulsa o uso de internet, acadando valores máis elevados en actividades como redes sociais (86,0%), contidos audiovisuais (86,8%) ou formación en liña (43,2%). Este patrón tamén se observa en fogares con maior capacidade económica, onde aumenta o uso de servizos máis avanzados como a intelixencia artificial (38,2% nos tramos de maiores ingresos).

No caso da banca electrónica, confirmase como un dos principais indicadores do nivel de dixitalización da sociedade galega, cun uso xeneralizado (84,7%), aínda que persisten diferenzas

relevantes: baixa ata o 68,2% entre as persoas de 65 a 74 anos. Con todo, a súa ampla extensión en todos os grupos evidencia unha consolidación do proceso de inclusión dixital. Pola súa banda, outras actividades como a formación en liña (34,9%) ou o uso de ferramentas de intelixencia artificial (31,1%) presentan porcentaxes máis moderadas, pero cunha forte presenza entre a poboación nova (ata o 68,2% e 67,0%, respectivamente, no grupo de 16 a 24 anos).

Finalmente, os datos amosan que as competencias dixitais da poboación galega seguen mellorando, pero de maneira desigual. Mentres que os colectivos máis novos, con maior nivel educativo ou en situación activa presentan niveis elevados de uso en actividades complexas, os grupos de maior idade, menor formación ou en situación de inactividade seguen afastados dos usos máis avanzados. Isto confirma que, aínda que o acceso básico á internet está amplamente estendido, persisten fendas dixitais significativas asociadas á idade, á educación e aos recursos económicos.

### C.15 **Servizos/Actividades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo sexo**

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)			
	Home	Muller	Total
Telefonar por internet/videoconferencia	91,0%	93,3%	92,1%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	90,3%	88,5%	89,4%
Banca electrónica	84,8%	84,7%	84,7%
Uso internet para ver e escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas ou de pago	79,5%	78,2%	78,9%
Uso redes sociais visualizando ou compartindo publicacións	74,5%	78,5%	76,5%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	66,8%	75,3%	71,1%
Realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña	33,4%	36,4%	34,9%
Uso internet para utilizar ferramentas de Intelixencia Artificial	32,5%	29,7%	31,1%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

**C.16 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo idade**

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)							
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	Total
Telefonar por internet/videoconferencia	96,9%	97,2%	95,5%	92,2%	88,7%	83,9%	92,1%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	89,1%	95,0%	93,9%	91,1%	87,4%	78,5%	89,4%
Banca electrónica	70,5%	93,9%	93,8%	90,9%	83,1%	68,2%	84,7%
Usou internet para ver e escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas ou de pago	94,0%	91,4%	88,4%	82,8%	69,4%	49,3%	78,9%
Usou redes sociais visualizando ou compartindo publicacións	95,2%	94,1%	89,3%	79,9%	62,9%	42,0%	76,5%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	53,5%	77,7%	80,3%	77,7%	70,3%	58,0%	71,1%
Realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña	68,2%	49,6%	42,6%	32,1%	21,2%	8,2%	34,9%
Usou internet para utilizar ferramentas de Intelixencia Artificial	67,0%	51,9%	40,0%	24,8%	14,2%	5,2%	31,1%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

**C.17 Servizos/Actividades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo estudos**

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)					
	Educación primaria e inferior	Primeira etapa de ed. secundaria e similar	Segunda etapa de ed. secundaria e ed. postsecundaria non superior	Educación superior	Total
Telefonar por internet/videoconferencia	84,9%	88,9%	93,3%	94,8%	92,1%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	71,5%	82,8%	91,2%	95,2%	89,4%
Banca electrónica	56,5%	71,4%	89,3%	95,7%	84,7%
Usou internet para ver e escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas ou de pago	56,3%	67,1%	82,9%	88,4%	78,9%
Usou redes sociais visualizando ou compartindo publicacións	53,1%	67,5%	80,6%	83,6%	76,5%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	53,3%	59,8%	71,8%	81,9%	71,1%
Realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña	12,2%	19,3%	36,2%	49,5%	34,9%
Usou internet para utilizar ferramentas de Intelixencia Artificial	4,5%	16,2%	33,3%	44,6%	31,1%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

### C.18 Servizos/Actividades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a situación socio-laboral

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)

	Ocupado	Parado	Xubilado	Persoas con discapacidade	Tarefas do fogar	Estudando	Total
Telefonar por internet/videoconferencia	93,9%	93,3%	84,4%	87,7%	88,4%	96,4%	92,1%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	92,7%	92,5%	80,0%	79,2%	78,9%	89,7%	89,4%
Banca electrónica	92,9%	83,7%	70,7%	65,9%	68,0%	63,8%	84,7%
Uso internet para ver e escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas ou de pago	84,2%	82,0%	52,1%	62,9%	63,5%	95,3%	78,9%
Uso redes sociais visualizando ou compartindo publicacións	82,3%	84,5%	42,4%	61,6%	63,0%	95,0%	76,5%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	77,6%	68,4%	59,0%	62,6%	67,9%	48,6%	71,1%
Realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña	38,8%	34,4%	8,0%	7,8%	14,5%	76,6%	34,9%
Uso internet para utilizar ferramentas de Intelixencia Artificial	34,3%	30,6%	5,5%	6,3%	12,0%	72,4%	31,1%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

### C.19 Servizos/Activades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a provincia

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Telefonar por internet/videoconferencia	90,5%	92,5%	93,7%	93,5%	92,1%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	90,1%	86,7%	87,7%	89,9%	89,4%
Banca electrónica	86,1%	80,2%	88,9%	83,4%	84,7%
Uso internet para ver e escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas ou de pago	82,2%	71,7%	76,0%	78,1%	78,9%
Uso redes sociais visualizando ou compartindo publicacións	77,5%	75,0%	76,7%	75,8%	76,5%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	74,5%	70,4%	82,4%	64,1%	71,1%
Realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña	40,4%	35,4%	33,3%	28,8%	34,9%
Uso internet para utilizar ferramentas de Intelixencia Artificial	30,4%	27,3%	29,1%	33,7%	31,1%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

## C.20 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo o tipo de hábitat

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)						
	Menos de 5.000 hab.	Entre 5.000 e 10.000 hab.	Entre 10.000 e 20.000 hab.	Entre 20.000 e 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	Total
Telefonar por internet/videoconferencia	87,2%	88,0%	95,2%	90,9%	94,3%	92,1%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	83,7%	85,0%	89,5%	90,2%	92,2%	89,4%
Banca electrónica	79,7%	84,0%	84,2%	85,8%	86,5%	84,7%
Uso internet para ver e escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas ou de pago	71,2%	75,2%	75,1%	82,8%	82,5%	78,9%
Uso redes sociais visualizando ou compartindo publicacións	73,3%	74,3%	78,0%	77,8%	77,0%	76,5%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	68,4%	73,1%	74,4%	74,9%	68,2%	71,1%
Realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña	27,1%	28,4%	36,3%	35,0%	38,9%	34,9%
Uso internet para utilizar ferramentas de Intelixencia Artificial	19,6%	24,9%	27,5%	31,3%	38,5%	31,1%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

## C.21 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo o volume total de ingresos no fogar

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)							
	Menos de 601 euros	Entre 601 a 1.100 euros	Entre 1.101 a 1.800 euros	Entre 1.801 a 2.700 euros	Entre 2.701 a 3.500 euros	Máis de 3.500 euros	Total
Telefonar por internet/videoconferencia	90,6%	90,0%	90,5%	91,1%	93,2%	92,8%	92,1%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	83,5%	83,5%	83,9%	85,7%	91,4%	92,5%	89,4%
Banca electrónica	73,8%	72,6%	78,9%	80,5%	86,3%	89,4%	84,7%
Uso internet para ver e escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas ou de pago	74,7%	70,0%	71,8%	75,3%	80,6%	82,9%	78,9%
Uso redes sociais visualizando ou compartindo publicacións	74,0%	71,5%	74,6%	74,2%	78,1%	78,0%	76,5%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	64,7%	64,1%	64,1%	69,9%	73,2%	73,7%	71,1%
Realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña	25,5%	25,2%	30,1%	28,0%	35,2%	41,0%	34,9%
Uso internet para utilizar ferramentas de Intelixencia Artificial	16,5%	20,2%	23,5%	25,7%	29,9%	38,2%	31,1%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

## C.22 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a convivencia con nenos /as

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)

	Con nenos / as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos)	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos)	Total
Telefonar por internet/videoconferencia	94,7%	91,2%	92,1%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	91,4%	88,6%	89,4%
Banca electrónica	86,4%	84,2%	84,7%
Usou internet para ver e escoitar contidos audiovisuais en plataformas gratuítas ou de pago	86,8%	76,1%	78,9%
Usou redes sociais visualizando ou compartindo publicacións	86,0%	73,2%	76,5%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	73,3%	70,4%	71,1%
Realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña	43,2%	32,0%	34,9%
Usou internet para utilizar ferramentas de Intelixencia Artificial	37,1%	28,9%	31,1%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

## 4.2 Actividades informáticas

As actividades informáticas constitúen un bo indicador do nivel de competencias dixitais da poboación, xa que reflicten un uso de Internet máis avanzado que o simple acceso á información ou á comunicación. En 2025, o 53,9% da poboación galega de 16 a 74 anos realizou tarefas relacionadas coa copia ou movemento de ficheiros entre carpetas, dispositivos ou servizos na nube, o que supón un crecemento do 1,5% respecto ao 2024.


O 47,6% internautas galegos de 16 a 74 anos empregou programas de ofimática como procesadores de texto, follas de cálculo ou aplicacións para presentacións o que supón un crecemento relativo do 2,1% no último ano.

O uso de software para editar fotografías, vídeo ou audio foi a actividade informática que máis medrou en 2025, ao pasar do 36,3% ao 42,2%, cun incremento de 5,9 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

Estes datos poñen de manifesto que unha parte importante da cidadanía non só utiliza Internet para actividades de consumo dixital, senón tamén para tarefas que requiren un maior nivel de habilidades tecnolóxicas. Así, o manexo de ficheiros, o uso de ferramentas de produtividade e a edición de contidos dixitais evidencian un avance das competencias dixitais da poboación galega e unha maior capacitación para desenvolverse en contornas dixitais tanto no ámbito persoal como profesional.

Non obstante, tal e como se observa nas gráficas seguintes, estas competencias non están distribuídas de maneira homoxénea entre a poboación, existindo diferenzas significativas en función da idade, do nivel educativo e da situación socio-laboral. Estas variables continúan sendo determinantes no desenvolvemento e adquisición de habilidades dixitais máis avanzadas.

### G. 91. Actividades informáticas nos últimos 3 meses



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As diferenzas por sexo son practicamente nulas nestas actividades, xa que homes e mulleres presentan niveis de uso moi similares tanto na xestión de ficheiros como no emprego de programas de ofimática ou de software de edición multimedia. Isto indica que non existen fendas de xénero destacables nas competencias dixitais asociadas a estes usos.

Pola contra, a idade segue a ser un factor clave. As actividades informáticas son moito máis habituais entre a poboación nova e a súa utilización diminúe progresivamente a medida que aumenta a idade, especialmente nas tarefas máis avanzadas. Estes resultados poñen de manifesto a existencia dunha fenda xeracional nas competencias dixitais, con maiores habilidades entre os grupos máis novos e unha menor presenza destas prácticas entre as persoas de maior idade.

### G. 92. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por sexo



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

### G. 93. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por idade



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A medida que aumenta o nivel de estudos, increméntase tamén o uso destas ferramentas, alcanzando os valores máis elevados entre as persoas con educación superior. Neste grupo, preto de 8 de cada 10 copian ou moven ficheiros, máis de 7 de cada 10 utilizan programas de ofimática e máis de 6 de cada 10 empregan software de edición multimedia. Pola contra, entre as persoas con estudos primarios estas actividades son moi pouco frecuentes, menos do 10%.

### G. 94. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por nivel educativo



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As persoas que están estudando e as persoas ocupadas amosan niveis relativamente altos de competencias dixitais no ámbito das actividades informáticas. Pola contra, os menores niveis rexístranse entre a poboación xubilada, as persoas con discapacidade e as dedicadas ás tarefas do fogar, confirmando que a participación no ámbito educativo e laboral favorece a adquisición e o uso destas habilidades dixitais avanzadas.

### G. 95. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por ocupación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A convivencia con nenos/as e os fogares de maior tamaño están asociados a un uso máis frecuente das actividades informáticas analizadas, o que indica un maior desenvolvemento das competencias dixitais nestes fogares.

En xeral, as porcentaxes máis elevadas rexístranse nos fogares de catro membros, especialmente no uso de programas de ofimática e na xestión de ficheiros, mentres que os fogares unipersoais presentan os niveis máis baixos.

G. 96. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por número de membros do fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Así mesmo, as persoas que conviven con nenos/as no fogar realizan con maior frecuencia todas as actividades informáticas analizadas. As diferenzas son de máis de 10 puntos porcentuais, o que apunta a unha maior familiaridade coas ferramentas dixitais nos fogares con menores, favorecida probablemente polas necesidades educativas e de comunicación asociadas ao ámbito familiar.

G. 97. Actividades informáticas nos últimos 3 meses segundo se reside con menores de 3 a 16 anos



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As diferenzas territoriais son moderadas, aínda que a provincia da Coruña rexistra as porcentaxes máis elevadas no desenvolvemento de actividades informáticas, especialmente na copia ou movemento de ficheiros e no uso de software de edición multimedia.


### G. 98. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por provincia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A medida que aumenta o tamaño do municipio incrementábase a realización destas actividades informáticas, acadándose as porcentaxes máis elevadas nos concellos de máis de 50.000 habitantes. Pola contra, os municipios de menor tamaño presentan os niveis máis reducidos, especialmente no uso de programas de ofimática e de software de edición multimedia.

### G. 99. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por tamaño do municipio



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As diferenzas entre cidades son significativas. A Coruña rexistra as porcentaxes en todos os indicadores. Pola contra, Lugo presenta os valores máis baixos nas tres actividades analizadas, confirmando que as competencias dixitais avanzadas teñen unha maior presenza nas principais áreas urbanas galegas.

G. 100. Actividades informáticas nos últimos 3 meses nas cidades




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Por último debe destacarse que os indicadores deste capítulo miden o uso, non o coñecemento das ferramentas descritas. Cabe a posibilidade de que o maior uso na Coruña, as persoas ocupadas e os estudantes estean relacionadas cunha maior especialización do tecido produtivo e educativo máis enfocado cara as tecnoloxías na Coruña.



## 5. Compras por internet

## 5. Compras por internet




A proporción de persoas que compran por Internet segue a aumentar. A media galega, estatal e europea de persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través da rede sitúase por riba do 69% na actualidade, case dous puntos máis que o ano anterior.

No 2025, continúa o incremento do número de galegos/as que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos 12 meses ata o 73,2% dos internautas. Respecto ao total da poboación, o 69,3% de galegos/as realizaron compras on line, experimentando un crecemento do 12,3% dende o 2021, moi por encima do crecemento das compras on line no marco da Unión Europea e de España.


### G. 101. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet<sup>4</sup>

**Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet**  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet no último ano)



Base: Persoas que utilizaron internet no último ano

**Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet**  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Base: Todas as persoas de 16 a 74 anos

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

<sup>4</sup> Para a análise deste indicador considéranse dúas bases:


(1) As persoas entre 16 e 74 anos que *utilizaron internet no último ano, e que compraron a través de Internet no último ano*, acadando o 60,6%; e (2) a segunda as persoas entre 16 e 74 anos que compraron na Rede, acadando o 63,9%. Esta última base será a que se utilice para toda a análise do capítulo.

G. 102. Evolución de persoas que adquiriron bens ou servizos a través de Internet e Comparativa coa Media Estatal e Europea




**Incremento no período 2021 - 2025**  
**Galicia: 12,3%. España: 6,3%. UE: 9,7%**

**Persoas que compraron por internet nos últimos 12 meses**  
 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

**Persoas que compraron por internet nos últimos 12 meses**  
**Comparación Galicia, España, Europa**  
 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA - IGE - INE - EUROSTAT (2021-2025)

As diferenzas de compras online por sexo no 2025 é de menos dun punto: o 69,0% dos homes e o 69,6% das mulleres realizaron compras por internet, cunha diferenza practicamente inexistente, só existe unha lixeira vantaxe de 0,6 puntos porcentuais da porcentaxe de mulleres fronte á que se rexistra entre os homes.

G. 103.. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Os grupos de idade que nos amosan unha maior porcentaxe de compras a través de Internet son os mozos/as con idades comprendidas entre os 25 a 34 anos (92,6%), o que supón un crecemento relativo do 0,5% no último ano.

Nesta edición destaca especialmente o crecemento de compradores entre as persoas de 65 a 74 anos (+5,8%) pasando do 25,8% no 2024 ao 27,3% no 2025. Tamén no tramo de 55 a 64 crecen as compras case 3 puntos dende o ano pasado. Todos os grupos a partir dos 35 anos crecen máis de dous puntos.


G. 104. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o grupo de idade



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As persoas con maior nivel educativo continúan sendo as que máis compran por internet, mantendo a mesma tendencia observada en edicións anteriores pero os de educación primaria ou inferior crecen máis de tres puntos (do 15,7 ao 19%).

### G. 105. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o nivel de estudos



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As persas ocupadas e os estudantes son os estratos de poboación que rexistran unha maior porcentaxe de compras a través de Internet, superando amplamente a media galega (69,3%). Entre as persoas xubiladas increméntase o número de internautas que realizan compras a través da rede nun 3,8% no último ano pasando do 28,7% no 2024 ao 29,8% no 2025, reducindo pouco a pouco as fendas dixitais nos colectivos con menores niveis de dixitalización da sociedade.

No ano 2025, os maiores incrementos nas compras a través de Internet rexistráronse entre as persoas paradas e as persoas con discapacidade, que aumentaron a súa participación nun 36,9% e un 31,6%, respectivamente, respecto a 2024.

### G. 106. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a situación socio-laboral




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A provincia da Coruña rexistra a maior porcentaxe de persoas que realizaron compras a través de Internet (70,3%) pero as diferenzas son pequenas, excepto no caso de Lugo (65,1%).

### G. 107. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a provincia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Nos concellos con maior poboación rexístranse as porcentaxes máis elevadas de compras de bens ou servizos a través de Internet. En concreto, nos municipios de máis de 50.000 habitantes esta porcentaxe alcanza o 76,4%.

O maior incremento deste indicador, rexístrase nos concellos de menos de 5.000 habitantes, onde as compras por Internet medraron respecto ao 2024 foi do 6,6%, pasando do 53,2% ao 56,7%, consolidando, un ano mais, a tendencia á dixitalización tamén no ámbito rural.

### G. 108. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o tipo de hábitat


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As áreas de Vigo (76,1%), Ourense (74,8%), A Coruña (74,6%) e Santiago (73,9%) rexistran as maiores porcentaxes de persoas que realizaron compras a través de Internet en 2025, todas elas por enriba da media galega (69,3%). Pola contra, as menores porcentaxes obsérvanse en Lugo Oriental (57,4%), Pontevedra Nororiental (57,9%), Lugo Sur (59,4%), Ourense Sur (60,0%) e A Coruña Suroriental (60,3%), que se sitúan claramente por debaixo da media autonómica.


### G. 109. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a Área



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

### M.9. Mapa de Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a Área


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Entre os concellos con maior volume de poboación, destacan Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, e Lugo no indicador de compras a través de Internet ao superar o 75% mentres só a cidade de Ferrol queda por debaixo da media galega.


G. 110. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos 7 concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Nesta edición son os fogares de 4 membros os que teñen a porcentaxe máis alta do indicador de compras online, obtendo un 79,3% pero sube máis o de 5 ou máis membros (6 puntos). Recordamos que a aparición de 5 membros no fogar aumenta a posibilidade de que convivan tres xeracións e, por tanto, que haxan persoas maiores. Tamén os fogares unipersoais teñen forte representación entre as persoas de máis idade.


#### G. 111. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Unha das variables que máis inflúen e condicionan as compras na rede é o nivel de ingresos no fogar. Desta maneira, os fogares con ingresos superiores aos 3.500 euros son os que acadan a porcentaxe máis alta de compras por Internet (76,7%). De todos xeitos nos tramos de "ata 600" e "601 a 1.100", soben as compras 13 e 9 puntos respectivamente, moito máis que a media.

#### G. 112. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o nivel de ingresos no fogar




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria incrementa a porcentaxe de compradores a través da rede en 16,4 puntos porcentuais respecto aos fogares que non contan con menores de 16 anos.

G. 113. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos / as.

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 )



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)



## 6. Ciberseguridad



## 6. Ciberseguridade




**O 17,5% dos galegos/as que utilizaron internet nos últimos 12 meses tiveron algún incidente de ciberseguridade.**

A ciberseguridade é un asunto de gran relevancia ante o uso de dispositivos conectados para múltiples funcións cotiás. No ano 2025, o 17,5 % das dos galegos e galegas que utilizaron Internet nos últimos 12 meses consideran que experimentaron algún incidente relacionado coa ciberseguridade nos seus dispositivos de uso persoal (+2,9% respecto ao ano anterior). Estes incidentes inclúen intentos de roubo de datos, intentos de acceso non autorizado ás súas contas, suplantación de identidade, acoso ou a recepción de correos electrónicos maliciosos, entre outros.

### G. 114. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A evolución deste indicador mostra un incremento continuado da porcentaxe de persoas que declaran ter sufrido algún incidente de ciberseguridade, pasando do 9,6% en 2021 ao 14,4% en 2023, o 17,0% en 2024 e ao 17,5% en 2025. Na enquisa de 2022, ao incluírse o módulo específico de novas tecnoloxías, non se preguntou directamente ás persoas se sufriran algún incidente de ciberseguridade, senón que se lles presentou unha relación detallada de posibles incidentes e considerouse que existira un incidente cando se respondía afirmativamente a algunha das opcións propostas. Esta diferente metodoloxía deu lugar a datos afastados da tendencia, polo que os datos de 2022 non son comparables cos dos anos restantes.

Os resultados amosan unha tendencia crecente na percepción ou identificación de incidentes de ciberseguridade entre a poboación internauta galega. Aínda así, as cifras continúan sendo relativamente reducidas se se comparan coa frecuencia real de ameazas dixitais, o que podería indicar que unha parte da cidadanía non identifica como incidentes situacións cada vez máis habituais, como intentos de suplantación de identidade, correos fraudulentos ou avisos de accesos non autorizados ás súas contas persoais.

Recordemos que os propios dispositivos e aplicacións detectan e eliminan a miúdo posibles fraudes recibidos no email e outros canais de comunicación dos que pode que nin sequera se decate o destinatario do ataque. Este indicador mide por tanto se foron ameazados ou se están concienciados sobre a ciberseguridade.

### G. 115. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses. Evolución



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)


As incidencias por xénero son un 17,1% entre homes e 17,9% as mulleres. Hai algunhas diferenzas por idade segundo os riscos de sufrir incidentes de ciberseguridade entre os internautas. No 2025, son os galegos /as de 35 a 44 anos e os de 25 a 34 os que, en maior medida sufriron algún incidente relacionado coa ciberseguridade de entre os que navegan por internet.

### G. 116. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo sexo



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

G. 117. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo idade



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A porcentaxe de persoas que navegan por internet e que declaran que tiveron algún problema de seguridade nos seus dispositivos incrementábase a medida que a formación académica é maior, superando o 21% no caso dos galegos/as con educación superior, e situándose por riba da media galega (17,5%).

G. 118. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo estudos



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As persoas ocupadas constitúen o estrato de poboación que rexistra maior dixitalización e son tamén os que máis perciben incidentes de ciberseguridade que sufriron no último ano.

G. 119. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo a situación socio-laboral



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Na provincia de A Coruña é na que se detecta unha maior porcentaxe de persoas que indican que tiveron, no último ano, incidentes relacionados coa ciberseguridade (18,4%), seguida de cerca polas persoas que residen na provincia de Pontevedra (18,3%).

G. 120. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo a provincia



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As porcentaxes máis altas das persoas que sinalan que tiveron un incidente de ciberseguridade no último ano atópanse, novamente, nos concellos de máis 50.000 habitantes.


G. 121. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo o tipo de hábitat



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

As diferenzas territoriais son significativas. As áreas con valores máis elevados son Barbanza-Noia (46,6 %), A Mariña (29,7 %), a Área de Pontevedra (28,2 %) e Caldas-O Salnés (27,8 %), moi por enriba da media galega, situada no 17,5 %. Tamén superan a media a Área da Coruña (20,2 %), a Área de Vigo (18,8 %) e a Área de Ourense (17,9 %).


G. 122. Persoas que sufriron incidentes de ciberseguridade nos últimos 12 meses por Área



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Entre os concellos con maior volume de poboación, destaca A Coruña neste indicador de ciberseguridade ao superar amplamente o promedio das persoas que declaran ter sufrido algún incidente de Ciberseguridade.

G. 123. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses nos 7 concellos con maior poboación




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A porcentaxe de persoas con incidencias de ciberseguridade é maior nos fogares unipersoais e nos fogares de 2 membros. É sorprendente que neste caso non estea ligado o nivel de dixitalización coa percepcións de ter sufrido incidentes. Debe compararse esta gráfica coa comparativa por tramos de idade: nos menores de 25, a pesares de estar moi dixitalizados, a percepción de sufrir incidentes de ciberseguridade é menor.

G. 124. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo o número de persoas no fogar

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

Os ingresos nos fogares tamén teñen algunha relación co perigo de sufrir incidentes de ciberseguridade. Deste xeito, os fogares con ingresos inferiores a 601 euros (19,6%) e maiores de 3.500 euros (18,3%) son os que acadan a porcentaxe máis alta de incidentes de ciberseguridade.

G. 125. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo o nivel de ingresos no fogar

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria incrementa en 1,1 puntos porcentuais a incidencia de ciberataques respecto aos fogares que non contan con menores de 16 anos.

G. 126. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo a convivencia con nenos / as.

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)



## 7. eAdministración en Galicia



## 7. eAdministración en Galicia




A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses foi do **88,4%**, o que supón un incremento do **2,1%** respecto ao ano anterior.

No ano 2025, a porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses foi do 88,4%, o que supón un incremento do 2,1% respecto ao ano anterior.

### G. 127. Persoas que realizan xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

### G. 128. Persoas que empregan internet nas súas xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses.

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 12 meses)




Fonte: OSIMGA + IGE (2025)

G. 129. Evolución da interacción coas AAPP: Galicia 2021-2025



(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 12 meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2025)

Por xénero, como en anos anteriores, obsérvase que a porcentaxe de mulleres que interactúa coas AAPP supera a porcentaxe de homes.

A idade e o nivel educativo son os factores que máis condicionan o uso da administración electrónica. As maiores porcentaxes rexístranse entre as persoas de 25 a 34 anos (97,1%) e de 35 a 44 anos (95,6%), mentres que entre as de 65 a 74 anos o uso descende ata o 70,0%. Non obstante, este último grupo é o que experimentou o maior avance respecto ao ano anterior, cun incremento do 8,1%. Así mesmo, o uso das xestións electrónicas aumenta a medida que se eleva o nivel educativo, alcanzando o 96,6 % entre as persoas con educación superior fronte ao 63,7% das que teñen estudos primarios ou inferiores.

Ourense e Pontevedra son as provincias que rexistran a maior porcentaxe de internautas que interactuaron coas Administracións Públicas utilizando Internet. Neste caso, as diferenzas por provincias son notables.

Outra variable que inflúe nos indicadores que miden a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet é o tamaño de hábitat. O uso de Internet para interactuar coas Administracións Públicas, increméntanse en xeral a medida que o fai o número de habitantes do concello.

Do mesmo xeito que ocorría en anteriores edicións e con outros indicadores, o nivel formativo do/a internauta é, unha vez máis, un factor que inflúe positivamente na dixitalización: a maior nivel de estudos, maior é o uso de Internet para relacionarse coas administracións polos medios telemáticos.


Os/as estudantes e ocupados/as son os grupos que acadan maiores porcentaxes de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

### C.23 . Persoas que empregan internet nas súas xestión coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses segundo características sociodemográficas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet no último ano)

		SI	Non
Xénero	Home	87,6%	12,4%
	Muller	89,2%	10,8%
	Total	88,4%	11,6%
Idade	16-24 anos	91,0%	9,0%
	25-34 anos	97,1%	2,9%
	35-44 anos	95,6%	4,4%
	45-54 anos	91,1%	8,9%
	55-64 anos	84,6%	15,4%
	65-74 anos	70,0%	30,0%
	Total	88,4%	11,6%
Provincia	A Coruña	63,7%	36,3%
	Lugo	78,2%	21,8%
	Ourense	92,6%	7,4%
	Pontevedra	96,6%	3,4%
	Total	88,4%	11,6%
Tamaño Hábitat	Menos de 5.000 habitantes	81,8%	18,2%
	Entre 5.000 e 10.000 habitantes	86,2%	13,8%
	Entre 10.000 e 20.000 habitantes	89,1%	10,9%
	Entre 20.000 e 50.000 habitantes	90,2%	9,8%
	Máis de 50.000 habitantes	90,2%	9,8%
	Total	88,4%	11,6%
Nivel de estudos	Educación primaria e inferior	63,7%	36,3%
	Primeira etapa de educación secundaria e similar	78,2%	21,8%
	Segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior	92,6%	7,4%
	Educación superior	96,6%	3,4%
	Total	88,4%	11,6%
Situación Socio-Laboral	Ocupado	93,4%	6,6%
	Parado	89,6%	10,4%
	Xubilado	71,3%	28,7%
	Persoas con discapacidade	72,2%	27,8%
	Tarefas do fogar	78,1%	21,9%
	Estudando	90,3%	9,7%
	Total	88,4%	11,6%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	84,8%	15,2%
	Fogares de 2 membros	85,4%	14,6%
	Fogares de 3 membros	89,7%	10,3%
	Fogares de 4 membros	91,7%	8,3%
	Fogares de 5 ou máis membros	88,3%	11,7%
	Total	88,4%	11,6%
Nivel de Ingresos no fogar	Menos de 601 euros	85,3%	14,7%
	Entre 601 a 1.100 euros	82,0%	18,0%
	Entre 1.101 a 1.800 euros	83,7%	16,3%
	Entre 1.801 a 2.700 euros	85,2%	14,8%
	Entre 2.701 a 3.500 euros	89,7%	10,3%
	Máis de 3.500 euros	91,5%	8,5%
Total	88,4%	11,6%	
Convivencia con nenos/as no fogar	Con nenos / as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos)	91,9%	8,1%
	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos)	87,2%	12,8%
	Total	88,4%	11,6%

Fonte: OSIMGA + IGE (2025)



## 8. Conclusiones



## 8. Conclusións

Os datos da enquisa estrutural a fogares reflicten que o proceso de dixitalización da poboación galega non só se consolida, senón que tamén se amplía ao longo de 2025. Aumentan as xestións realizadas a través de Internet, o uso da banca electrónica, o acceso aos servizos sanitarios dixitais e o consumo de contidos de lecer en liña. Este avance é especialmente destacado entre colectivos que tradicionalmente presentaban menores niveis de inclusión dixital, como as persoas maiores ou as residentes no ámbito rural.

A fenda de xénero é nula, ao presentar só pequenas diferenzas de uso, ás veces a prol dos homes ou das mulleres. Por exemplo, mentres as mulleres usan máis a administración electrónica, compran online ou utilizan ferramentas de comunicación, os homes utilizan máis videoconsolas, programan ou realizan actividades informáticas. Pero en xeral, na maioría dos indicares, as diferenzas son inferiores a un punto.

Así mesmo, os fogares galegos dispoñen agora de conexións máis veloces e dunha maior variedade de dispositivos conectados á rede. Os fogares galegos dispoñen cada vez de máis dispositivos conectados e de conexións de maior calidade.



### A dixitalización avanza en Galicia e consolídase no 2025

O 80,8% dos fogares con persoas de 16 a 74 anos conta con ordenador de sobremesa, portátil ou tableta, sendo o ordenador portátil o dispositivo máis habitual, presente no 59,8% dos fogares.

As televisións intelixentes consolidan a súa presenza e, por primeira vez, convértense na tecnoloxía conectable a Internet máis estendida nos fogares galegos. O 65,2% dispón dunha Smart TV, o que supón un incremento do 10,3% respecto a 2024 e do 49,2% desde 2021. Tamén continúa medrando a presenza de dispositivos do ámbito da Internet das Cousas, como os altosfalantes intelixentes, presentes xa no 18,1% dos fogares, un 9,7% máis que o ano anterior. Estes datos reflicten a progresiva incorporación de tecnoloxías conectadas ao día a día dos fogares galegos e a consolidación do proceso de transformación dixital da sociedade.



### A porcentaxe de fogares galegos con Internet acada o 95,7%.

A porcentaxe de fogares galegos con acceso a Internet continúa aumentando e alcanza no ano 2025 o 95,7%, o que supón que 926.797 fogares con persoas de 16 a 74 anos teñen contratado este servizo. Nos últimos catro anos, a contratación de Internet incrementouse en 57.843 fogares, consolidando a conectividade como un servizo practicamente universal nos fogares galegos.

Respecto ao ano anterior, a porcentaxe de fogares con Internet contratado medrou un 0,2%, mantendo a tendencia ascendente observada nos últimos anos. A contratación de Internet aumenta a medida que se incrementa o tamaño do municipio de residencia e supera o 92% nos concellos de máis de 5.000 habitantes. Nos municipios de menos de 5.000 habitantes, a porcentaxe sitúase no 90,5%.



### Mantense a evolución positiva da velocidade da Internet contratada

O 74,2% dos fogares conta con conexións de 100 Mbps ou superiores, destacando que 3 de cada 10 fogares xa dispoñen de velocidades de 1 Gbps ou máis. Pola contra, só o 9,4% ten conexións inferiores a 30 Mbps. En conxunto, o 90,6% dos fogares con acceso a Internet dispón de velocidades superiores aos 30 Mbps, o que supón un incremento do 30% respecto a 2021 e evidencia a rápida mellora das infraestruturas e da calidade da conectividade nos fogares galegos.



### Segue medrando a dixitalización entre a poboación galega

Un ano máis, o dispositivo electrónico máis estendido entre a poboación galega é o teléfono móbil con acceso a Internet (smartphone), empregado polo 95,7% das persoas de 16 a 74 anos.

Existe un crecemento continuo do número de internautas galegos/as: o 94,3 % da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses, o que supón preto de 1,9 millóns de internautas, e representa un incremento de 127.429 internautas nos últimos catro anos.

Galicia incrementou os usuarios activos de Internet nun 5,5% dende o ano 2021, fronte ao 2,6% do conxunto de España e o 5,4% da Unión Europea.

Telefonar por Internet/videoconferencias e ler noticias, xornais ou revistas en liña son as actividades máis habituais entre os internautas galegos, sendo realizadas por arredor de 9 de cada 10 persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.



### Redúcense as fendas dixitais na cidadanía

A idade continúa a ser un factor determinante no nivel de dixitalización da poboación. Canto menor é a idade, maior é o uso de Internet, chegando ata o 99,9% entre a mocidade galega. Non obstante, a fenda dixital por razón de idade continúa reducíndose ano tras ano. Destaca especialmente o avance no tramo de 65 a 74 anos, onde o 77,4% das persoas xa utilizan Internet, o que supón un incremento notable do 3,5% respecto ao ano anterior.



### Compras a través da rede, interacción coa administración pública e ciberseguridade.

No 2025, as compras por Internet dos galegos e galegas incrementáronse nun 2,8%, acadando unha porcentaxe de 69,3%. O 92,6% mozos/as con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos mercaron por internet no último ano.

No referente á administración electrónica, a porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses foi do 88,4%, o que supón un incremento do 2,1% respecto ao ano anterior.

No 2025 só o 17,5% dos internautas galegos declaren que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos últimos doce meses.

## 9. Índices de gráficas, mapas e táboas

### Índice de gráficas

G.1. Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos .....	8
G.2. Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos: Evolución 2021-2025.....	8
G.3. Fogares con ordenadores .....	9
G. 4. Evolución dos fogares con ordenadores e Comparativa coa Media Estatal .....	10
G. 5. Fogares con ordenadores. Desagregación por tipoloxía.....	10
G. 6. Fogares con ordenadores segundo a provincia de residencia.....	11
G. 7. Fogares con ordenadores segundo o tipo de hábitat .....	11
G. 8. Fogares con ordenadores segundo a Área .....	12
G. 9.Fogares con ordenadores nos Concellos con maior poboación.....	14
G. 10.Fogares con ordenadores segundo o número de persoas no fogar.....	15
G. 11.Fogares con ordenadores segundo volume total de ingresos no fogar .....	15
G. 12.Fogares con ordenadores segundo a convivencia con nenos/as .....	16
G. 13.Fogares con smart TV .....	17
G. 14. Evolución dos fogares con smart TV en Galicia.....	17
G. 15. Fogares con smart TV segundo a provincia de residencia .....	18
G. 16. Fogares con SMART TV segundo o tipo de hábitat.....	18
G. 17. Fogares con SMART TV segundo a Área .....	19
G. 18.Fogares con SMART TV nos Concellos con maior poboación.....	21
G. 19.Fogares con SMART TV segundo o número de persoas no fogar.....	22
G. 20.Fogares con SMART TV segundo volume total de ingresos no fogar .....	22
G. 21.Fogares con SMART TV segundo a convivencia con nenos / as .....	23
G. 22. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet.....	24
G. 23. Evolución dos fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet en Galicia .....	24
G. 24. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a provincia de residencia.....	25
G. 25. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo o tipo de hábitat .....	25
G. 26. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a Área.....	26
G. 27.Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet nos Concellos con maior poboación .....	28
G. 28. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo o número de persoas no fogar .....	29

G. 29.Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo volume total de ingresos no fogar .....	29
G. 30.Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a convivencia con nenos / as .....	29
G. 31.Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet .....	30
G. 32. Evolución dos fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet en Galicia.....	31
G. 33.Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo a provincia de residencia.....	31
G. 34.Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo o tipo de hábitat .....	32
G. 35.Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet por Área ...	32
G. 36. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet nos Concellos con maior poboación .....	34
G. 37. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo o número de persoas no fogar.....	34
G. 38. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo volume total de ingresos no fogar.....	35
G. 39. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo a convivencia con nenos / as .....	35
G. 40.Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet .....	36
G. 41. Evolución; fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet en Galicia..	36
G. 42. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo a provincia de residencia.....	37
G. 43. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo o tipo de hábitat .....	37
G. 44. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a internet segundo Área .....	38
G. 45. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet nos Concellos con maior poboación .....	40
G. 46. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo o número de persoas no fogar .....	41
G. 47. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo volume total de ingresos no fogar .....	41
G. 48. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo a convivencia con nenos / as .....	42
G. 49.Fogares con Internet contratado .....	45
G. 50.Fogares con Internet contratado. Comparación Galicia, España e UE .....	46
G. 51.Fogares con Internet contratado segundo a provincia .....	47
G. 52.Fogares con Internet contratado segundo o tipo de hábitat.....	47
G. 53. Fogares con Internet contratado segundo a Área .....	49
G. 54.Fogares con Internet contratado nos 7 concellos de maior poboación.....	51
G. 55.Fogares con Internet contratado segundo o número de persoas no fogar .....	52

G. 56.Fogares con Internet contratado segundo o volume total de ingresos no fogar .....	52
G. 57.Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos / as .....	53
G. 58.Velocidade de conexión nos fogares.....	54
G. 59. Velocidade de conexión superior a os 30 Mbps nos fogares.....	54
G. 60.Evolución da velocidade de conexión superior a 30 Mbps 2021-2025 .....	55
G. 61.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos tres últimos meses .....	57
G. 62.Evolución do uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses en Galicia.....	57
G. 63.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo.	58
G. 64.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a idade	58
G. 65.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos .....	59
G. 66. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a situación socio-laboral .....	59
G. 67.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses por provincia .....	60
G. 68.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat .....	60
G. 69.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a Área .	61
G. 70.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses nos 7 concellos con maior poboación.....	63
G. 71.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o número de persoas no fogar .....	63
G. 72.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o volume total de ingresos no fogar.....	64
G. 73.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos / as .....	64
G. 74.Dispositivos utilizados nos últimos tres meses .....	65
G. 75.Dispositivos utilizados nos últimos tres meses: evolución.....	65
G. 76.Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses .....	72
G. 77.Evolución do uso de internet nos tres últimos meses e Comparativa coa Media Estatal e Europea.....	73
G. 78.Evolución do uso de internet por idades e Comparativa coa Media Estatal. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España .....	74
G. 79.Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o sexo .....	75
G. 80.Evolución do uso de Internet por sexo e Comparativa coa Media Estatal e Europea .....	76
G. 81. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos .....	77
G. 82.Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a situación socio-laboral	77
G. 83.Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a provincia .....	78
G. 84.Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat .....	79
G. 85.Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a Área.....	80

G. 86. Persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses nos 7 concellos con maior poboación.....	82
G. 87. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o número de persoas no fogar.....	83
G. 88. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o volume total de ingresos do fogar.....	83
G. 89. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as.....	84
G. 90. Servizos/Actividades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses ....	86
G. 91. Actividades informáticas nos últimos 3 meses.....	92
G. 92. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por sexo.....	93
G. 93. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por idade.....	93
G. 94. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por nivel educativo.....	94
G. 95. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por ocupación.....	94
G. 96. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por número de membros do fogar.....	95
G. 97. Actividades informáticas nos últimos 3 meses segundo se reside con menores de 3 a 16 anos.....	95
G. 98. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por provincia.....	96
G. 99. Actividades informáticas nos últimos 3 meses por tamaño do municipio.....	96
G. 100. Actividades informáticas nos últimos 3 meses nas cidades.....	97
G. 101. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet.....	99
G. 102. Evolución de persoas que adquiriron bens ou servizos a través de Internet e Comparativa coa Media Estatal e Europea.....	100
G. 103.. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo.....	101
G. 104. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o grupo de idade.....	101
G. 105. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o nivel de estudos.....	102
G. 106. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a situación socio-laboral.....	102
G. 107. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a provincia ..	103
G. 108. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o tipo de hábitat.....	103
G. 109. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a Área.....	104
G. 110. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos 7 concellos con maior poboación.....	106
G. 111. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o número de persoas no fogar.....	107
G. 112. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o nivel de ingresos no fogar.....	107
G. 113. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos / as.....	108

G. 114. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses.....	110
G. 115. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses. Evolución 111	
G. 116. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo sexo.....	111
G. 117. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo idade.....	112
G. 118. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo estudos.....	112
G. 119. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo a situación socio-laboral.....	113
G. 120. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo a provincia.....	113
G. 121. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo o tipo de hábitat.....	114
G. 122. Persoas que sufriron incidentes de ciberseguridade nos últimos 12 meses por Área.....	114
G. 123. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses nos 7 concellos con maior poboación.....	115
G. 124. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo o número de persoas no fogar.....	116
G. 125. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo o nivel de ingresos no fogar.....	116
G. 126. Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses segundo a convivencia con nenos / as.....	117
G. 127. Persoas que realizan xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses.....	119
G. 128. Persoas que empregan internet nas súas xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses.....	119
G. 129. Evolución da interacción coas AAPP: Galicia 2021-2025.....	120

## Índice de táboas

C.1 . Fogares nos que reside unha persoa de 16 a 74 anos con Internet contratado. Evolución Galicia 2021-2025.....	46
C.2 . Fogares nos que residen persoas de 16 a 74 anos con Internet contratado segundo tipo de hábitat. Evolución Galicia 2021-2025.....	48
C.3 . Fogares con Internet contratado e velocidade de conexión de 100 Mbps ou superior. Evolución Galicia 2021-2025.....	55
C.4 . Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo....	66
C.5 . Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo idade..	66
C.6 . Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo a provincia.....	67
C.7 . Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo o tipo de hábitat.....	67

C.8	.Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo número de persoas no fogar .....	68
C.9	Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo o volumen total de ingresos no fogar .....	68
C.10	Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo a convivencia con nenos/as.....	69
C.11	. Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Evolución Galicia 2021-2025.....	74
C.12	Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Evolución Galicia 2021-2025 .....	75
C.13	Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a provincia. Evolución Galicia 2021-2025 (Valores Absolutos).....	78
C.14	Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a tipo de hábitat. Evolución Galicia 2021-2025 .....	79
C.15	Servizos/Actividades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo sexo .....	87
C.16	Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo idade. ....	88
C.17	Servizos/Actividades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo estudos.....	88
C.18	Servizos/Actividades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a situación socio-laboral .....	89
C.19	Servizos/Activades de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a provincia .....	89
C.20	Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo o tipo de hábitat .....	90
C.21	Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo o volume total de ingresos no fogar.....	90
C.22	Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a convivencia con nenos /as .....	91
C.23	. Persoas que empregan internet nas súas xestión coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses segundo características sociodemográficas.....	121

## Índice de mapas

M.1.	Mapa de Fogares con ordenadores segundo a Área .....	13
M.2.	Mapa de Fogares con SMART TV segundo a Área .....	20
M.3.	Mapa de Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a Área .....	27
M.4.	Mapa de fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a internet segundo a Área.....	33
M.5.	Mapa de fogares con outros dispositivos domésticos conectados a internet segundo a Área	39
M.6.	Mapa de Fogares con Internet contratado segundo a Área .....	50

---

M.7. Mapa de persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a Área .....	62
M.8. Mapa de Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a Área .....	81
M.9. Mapa de Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a Área	105



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN  
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Xacobeo  2027